

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15138 *Lei orgánica 1/2018, do 5 de novembro, de reforma do Estatuto de autonomía de Canarias.*

FELIPE VI
REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

O recoñecemento que a Constitución de 1978 realiza do Estado das autonomía en España supón para Canarias a garantía constitucional das súas peculiaridades económicas, políticas e administrativas acumuladas desde a súa incorporación á Coroa de Castela, ao sinalar as singularidades da súa orde política e do seu réxime económico. É, por tanto, unha resposta a unha realidade insular que se forxou ao longo de séculos.

Como consecuencia da súa incorporación á Coroa de Castela, Canarias experimentou unha profunda transformación nas súas estruturas económicas, políticas e sociais á cal os insulares se adaptaron con rapidez asimilando a súa cultura e a súa relixión.

A necesidade de dotar as illas dun réxime administrativo até daquela existente non foi, porén, homoxénea, senón que revestiu distintas formas en cada unha delas segundo a maneira en que se realizou a conquista. Así, para as illas reguengas (Gran Canaria, Tenerife e La Palma), o réxime municipal que se estableceu foi o propio da política centralizadora dos Reis Católicos. En cambio, as illas do señorío (Lanzarote, Fuerteventura, La Gomera e El Hierro) permaneceron suxeitas a un réxime patrimonial até principios do século XIX, ben que con escasas diferenzas respecto ás anteriores no que respecta á Administración local.

Até principios do século XIX, cada illa constitúe un só municipio, co seu cabido respectivo, de maneira que o arquipélago estaba configurado en sete termos municipais perfectamente diferenciados. Eran os cabidos, precisamente, o núcleo central da Administración local nas Canarias que, xa desde aquela, revestiron características en que se asentan, sen dúbida, o claro carácter e matiz autonómicos que, desde 1913 e ao longo do século XX e até a actualidade, tiveron tamén como gobernos insulares.

Ao estar o arquipélago organizado en illas, cada unha das cales estaba, pola súa vez, rexida polo seu respectivo cabido, e ao non existir un ente político que estendese a súa xurisdición ao conxunto das illas, a historia política das Canarias entre os séculos XVI ao XVIII foi a historia de sete unidades administrativas, onde os únicos órganos con competencias en todo o arquipélago eran a Audiencia, o Bispado e a Comandancia ou Capitanía Xeral.

O afastamento e a insularidade determinaron o carácter dos canarios e as peculiaridades dos seus principios institucionais desde ese momento e até a actualidade, co recoñecemento da ultraperiferidade como elemento modulador e inspirador do autogoberno.

Desde o primeiro momento, a Coroa admitiu a libre asignación dos recursos e concedeu un réxime de franquías fiscais e mercantís a quen nas illas habitaba. As peculiaridades económicas e fiscais supuxeron tamén a exclusión das illas dos monopolios comerciais vixentes para o resto de España.

Os insulares aproveitaron as particularidades do seu réxime económico e institucional para estreitar vínculos de toda índole con Europa e enriqueceron, co seu traballo e mestizaxe, as sociedades coloniais de América, sobre todo, de Cuba, Venezuela, Uruguai

e Texas, xerando, desde entón, un constante intercambio de valores materiais e culturais entre ambos os lados do Atlántico.

Multitude de disposicións legais foron conformando ao longo da historia un «corpus» normativo propio que moldeou a especificidade do réxime canario. Así aconteceu co Decreto de portos francos de 1852. En 1870, as Cortes Constituíntes do Sexenio Democrático (1868-1874) déronlle carácter de lei. E tamén foi o caso da lei de 1900 que ampliou as vantaxes fiscais. Desde ese momento e até a actualidade, o réxime de franquías fiscais e mercantís xerou a modernización socioeconómica e cultural de profunda imbricación das Canarias coa economía internacional e coa dunha Europa cuxas vangardas culturais sempre recoñeceron o carácter atlántico das illas.

A Lei do réxime económico e fiscal de 1972 constituíu un novo fito na evolución da norma básica que sempre influíu no modelo económico das Canarias, pero a súa tradución política tivo que esperar a chegada da democracia a través da Constitución de 1978 e o primeiro Estatuto de 1982.

Co réxime económico e fiscal amparado pola Constitución española e coa aprobación do Estatuto de autonomía, as Illas Canarias recuperan un *status* político e económico no seo da España democrática, que é recoñecido polas institucións da Comunidade Europea e reafirmado nos seus tratados, ao definirse a súa condición de rexión ultraperiférica polas mesmas razóns que xustificaron aquel *status* ao longo da historia.

A consecución da autonomía consolidou o proceso modernizador da sociedade canaria e o seu desfasamento secular en infraestruturas e equipamentos tende a saldarse e a mellorar os indicadores de benestar dos insulares.

Pero a sociedade do século XXI reclama novas accións. Unha sociedade democrática e madura, como é a canaria, exige novos marcos de actuación con pleno respecto da realidade constitucional e do noso acervo, e que debe estar preparada para afrontar novos retos. Todo isto implica o recoñecemento, no Estatuto de autonomía, dos seguintes principios:

1. A consolidación e o avance da sociedade canaria no marco da Constitución.
2. A definición do ámbito espacial das Canarias, coa reafirmación das illas, dos cabidos e dos seus municipios como entidades básicas dotadas de autonomía.
3. O obxectivo de modular en relación coas illas determinadas políticas públicas para a súa adaptación ás especiais condicións do arquipélago.
4. A relevancia política do réxime económico e fiscal, avalado pola Constitución, reforzando a súa garantía institucional e o establecemento de mecanismos de coordinación na modificación.
5. O fortalecemento da cohesión dos canarios, facilitando, dentro do marco constitucional, a súa vocación como elo entre Europa, América e África, contribuíndo á paz e a unha orde internacional máis xusta.
6. A consolidación e mellora da calidade do noso sistema democrático e dun progreso económico compatible co excepcional patrimonio natural do arquipélago, loitando, ao propio tempo, por superar as desigualdades sociais tan características na historia das Canarias e lograr a integración de todos os canarios.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Arquipélago atlántico.*

1. Canarias é un arquipélago atlántico que, como expresión da súa identidade singular baseada nas súas circunstancias xeográficas, históricas e culturais, exerce o dereito ao autogoberno como nacionalidade, constituíndose en comunidade autónoma no marco do Estado español.

A Comunidade Autónoma de Canarias, a través das súas institucións democráticas, asume como tarefa suprema a defensa dos intereses canarios e da súa identidade cultural

e do seu patrimonio natural e biodiversidade; a solidariedade entre todos cantos integran o pobo canario; o desenvolvemento sustentable e equilibrado das illas e a súa contribución á cooperación e á paz entre os pobos, así como a unha orde internacional xusta, no marco constitucional e estatutario.

2. O autogoberno do pobo canario fúndase na Constitución e aséntase na excepcionalidade da súa situación xeográfica, no valor do seu territorio e dos seus recursos naturais, no arraigamento das súas institucións públicas ou na vocación atlántica da súa economía, así como no desenvolvemento dunha identidade política propia, aparelada a unha concepción específica da historia, da cultura, da fala e dos costumes das persoas que habitan no arquipélago.

Artigo 2. *Os poderes de Canarias.*

1. Os poderes da Comunidade Autónoma de Canarias emanan da Constitución e do pobo canario, nos termos do presente estatuto de autonomía, que é a súa norma institucional básica.

2. Os poderes da Comunidade Autónoma de Canarias exércense a través do Parlamento, da Presidencia e do Goberno.

3. As illas configúranse como elementos esenciais da organización territorial das Canarias. Os seus cabidos son, asemade, institucións da Comunidade Autónoma e órganos de goberno, administración e representación de cada illa.

Artigo 3. *Afastamento, insularidade e ultraperiferia.*

Dado o afastamento, a insularidade e a condición ultraperiférica das Canarias, recoñecidos polos tratados constitutivos da Unión Europea, pola Constitución e polo presente estatuto, os poderes públicos, no ámbito das súas respectivas competencias, terán en conta estas circunstancias cando sexa preciso adaptar as súas políticas e actuacións lexislativas e regulamentarias, así como as súas decisións financeiras e orzamentarias, cando as ditas circunstancias incidan de maneira determinante en tales competencias, e fixarán as condicións específicas para a súa aplicación no arquipélago. Especialmente, esta adaptación producirase en materia de transportes e telecomunicacións e as súas infraestruturas; mercado interior; enerxía; ambiente; portos; aeroportos; inmigración; fiscalidade; comercio exterior e, en especial, no abastecemento de materias primas e liñas de consumo esenciais e cooperación ao desenvolvemento de países veciños.

Artigo 4. *Ámbito espacial.*

1. O ámbito espacial da Comunidade Autónoma de Canarias comprende o arquipélago canario, integrado polo mar e polas sete illas con administración propia de El Hierro, Fuerteventura, Gran Canaria, La Gomera, Lanzarote, La Palma e Tenerife, así como pola illa de La Graciosa e polos illotes de Alegranza, Lobos, Montaña Clara, Roque del Este e Roque del Oeste.

2. Sen prexuízo da delimitación das liñas de base existentes, entre os puntos extremos máis saíntes das illas e illotes que integran, segundo o punto anterior, o arquipélago canario trazarase un contorno perimetral que siga a configuración xeral do arquipélago, tal como se establece no anexo deste estatuto. As augas que queden integradas dentro deste contorno perimetral recibirán a denominación de augas canarias e constitúen o especial ámbito marítimo da Comunidade Autónoma de Canarias.

3. O exercicio das competencias estatais ou autonómicas sobre as augas canarias e, de ser o caso, sobre os restantes espazos marítimos que rodean as Canarias sobre os cales o Estado español exerza soberanía ou xurisdición realizarase tendo en conta a distribución material de competencias establecidas constitucional e estatutariamente tanto para os ditos espazos como para os terrestres.

4. O Estado, no exercicio das súas competencias, terá en conta as singularidades derivadas do carácter arquipeláxico e promoverá a participación da Comunidade Autónoma nas actuacións de competencia estatal nas ditas augas.

5. O trazado do contorno perimetral non alterará a delimitación dos espazos marítimos das illas Canarias tal e como están establecidos polo ordenamento xurídico español en virtude do dereito internacional vixente.

Artigo 5. *Capitalidade e sede da Presidencia.*

1. A capitalidade das Canarias fíxase compartidamente nas cidades de Las Palmas de Gran Canaria e Santa Cruz de Tenerife. O estatuto de capitalidade regularase mediante lei do Parlamento de Canarias.

A sede da Presidencia de Canarias alternará entre ambas as cidades capitalinas por períodos lexislativos.

A sede da Vicepresidencia situarase nunha capital distinta á da Presidencia.

2. O Parlamento de Canarias ten a súa sede na cidade de Santa Cruz de Tenerife.

Artigo 6. *Condición política de canarios.*

1. Para os efectos do presente estatuto, gozan da condición política de canarios as persoas con nacionalidade española que, de acordo coas leis do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios das Canarias.

2. As persoas con nacionalidade española residentes no estranxeiro que tivesen a última veciñanza administrativa na Comunidade Autónoma de Canarias e acrediten esta condición no consulado de España correspondente gozarán da condición política de canarios.

3. Os descendentes de canarios inscritos como españois, se así o solicitan, consideraranse integrados na comunidade política autonómica, aínda que só poderán exercer os dereitos políticos nos termos establecidos pola Constitución e polas leis.

Artigo 7. *Símbolos.*

1. A bandeira das Canarias está formada por tres franxas iguais en sentido vertical cuxas cores son, a partir da hasta, branco, azul e amarelo.

2. Canarias ten escudo propio, cuxa descrición é a seguinte: en campo de azur trae sete illas de prata ben ordenadas dúas, dúas, dúas e unha, esta última en punta. Como timbre unha coroa real pechada, surmontada dunha cinta de prata co lema <<Océano>> de sable e, como soportes, dous cans na súa cor.

3. Canarias terá himno propio nos termos establecidos nunha lei do Parlamento de Canarias.

4. A Comunidade Autónoma de Canarias celebrará a súa festividade institucional o día 30 de maio.

Artigo 8. *As comunidades canarias no exterior.*

As comunidades constituídas por persoas de orixe canaria establecidas fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Canarias poderán solicitar o recoñecemento da súa identidade de orixe, entendida como o dereito a colaborar e compartir a vida social e cultural das illas. Unha lei do Parlamento de Canarias regulará o alcance e contido do recoñecemento mencionado, así como a especial consideración aos canarios emigrados e aos seus descendentes, sen prexuízo das competencias do Estado.

TÍTULO I

Dos dereitos, deberes e principios reitores

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 9. *Titulares.*

1. As persoas que teñen a condición política de canarios son titulares dos dereitos, deberes e liberdades recoñecidos na Constitución española e no presente estatuto, así como no dereito da Unión Europea e nos instrumentos internacionais de protección dos dereitos humanos, individuais e colectivos, en particular, na Declaración Universal de Dereitos Humanos.

2. Os dereitos recoñecidos no presente estatuto poderanse estender a outras persoas, nos termos que establezan as leis.

3. Os poderes públicos canarios están vinculados por estes dereitos e liberdades e velarán pola súa protección e respecto, así como polo cumprimento dos deberes.

Artigo 10. *Aplicación e interpretación.*

1. Ningunha das disposicións deste título pode ser desenvolvida, aplicada ou interpretada de forma que reduza ou limite os dereitos fundamentais recoñecidos pola Constitución e polos tratados e convenios internacionais ratificados polo Estado español.

2. Os dereitos, deberes e principios do presente título non suporán unha alteración do réxime de distribución de competencias, nin a creación de títulos competenciales novos ou a modificación dos xa existentes.

Artigo 11. *Dereito de igualdade e cooperación.*

1. Os poderes públicos canarios garantirán as medidas necesarias para facer efectivos os dereitos das persoas á igualdade, á non discriminación, á participación na vida pública, ao desenvolvemento económico, á liberdade e ao respecto aos dereitos humanos.

2. Os poderes públicos garantirán o dereito á igualdade de trato e á non discriminación por razóns de sexo, xénero, nacemento, etnicidade, ideas políticas e relixiosas, idade, discapacidade, orientación ou identidade sexual, enfermidade, lingua ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. A prohibición de discriminación non impedirá accións positivas en beneficio de sectores, grupos ou persoas desfavorecidos.

3. Os poderes públicos canarios velarán polo fomento da paz e da tolerancia, así como pola cooperación ao desenvolvemento e, para tal efecto, estableceranse programas e acordos cos países veciños e próximos, xeográfica ou culturalmente, así como coas organizacións non gobernamentais e coas institucións públicas e privadas que resulten precisos para garantir a efectividade e eficacia de tales políticas nas Canarias e no exterior.

CAPÍTULO II

Dereitos e deberes

Artigo 12. *Familia.*

1. Todas as persoas teñen dereito á protección social, xurídica e económica para atender as situacións familiares, nas diferentes modalidades de familias. Mediante lei determinaranse as formas e condicións de acceso ás ditas axudas conforme o criterio de igualdade.

2. Os poderes públicos canarios promoverán medidas e políticas activas dirixidas a obter a conciliación da vida persoal, familiar e laboral de mulleres e homes.

Artigo 13. *Dereitos das persoas menores de idade.*

1. As persoas menores de idade teñen dereito a recibir a atención integral necesaria para o desenvolvemento da súa personalidade e o seu benestar no contexto familiar e social.

2. Primará o interese e o beneficio das persoas menores, en coordinación cos da familia, na aplicación e interpretación de normas, políticas e todo tipo de medidas orientadas a elas.

Artigo 14. *Dereitos da mocidade.*

As administracións deben promover políticas públicas que favorezan a emancipación da mocidade, facilitándolle o acceso á formación, á educación, á sanidade, á cultura, ao asociacionismo, ao mundo laboral e á vivenda para que poidan desenvolver o seu propio proxecto de vida e participar en igualdade de dereitos e deberes na vida social e cultural, nos termos que establezan as leis.

Artigo 15. *Dereitos das persoas maiores.*

Os poderes públicos canarios garantirán ás persoas maiores unha vida digna e independente, unha atención integral para a promoción da súa autonomía persoal e do envellecemento activo e o dereito a unha atención sanitaria, social e asistencial, promovendo e asegurando as accións e medidas necesarias para o seu benestar social, económico e persoal, así como a percibir prestacións nos termos que se establezan nas leis.

Artigo 16. *Dereitos das persoas en situación de discapacidade e de dependencia.*

1. Garántese o dereito a unha vida digna e independente de todas as persoas que se encontren en situación de discapacidade ou de dependencia.

2. Os poderes públicos promoverán activamente o dereito das persoas en situación de discapacidade ou de dependencia a acceder en termos de igualdade e sen discriminación ningunha ao exercicio dos seus dereitos, garantindo o seu desenvolvemento persoal e social.

3. Os poderes públicos garantirán un sistema de calidade dos servizos e prestacións especializados para as persoas en situación de discapacidade ou de dependencia, coa supresión de barreiras físicas e legais facilitando o seu desenvolvemento en todas as facetas conforme se estableza nas leis.

4. O uso da lingua de signos española e as condicións que permitan alcanzar a igualdade de trato das persoas xordas que opten por esta lingua, que será obxecto de ensino, protección e respecto. Para estes efectos, e entre outras accións, adoptaranse as medidas necesarias que permitan a comunicación a través da lingua de signos entre as persoas xordas e as administracións da Comunidade.

Artigo 17. *Dereito á igualdade entre mulleres e homes.*

1. Os poderes públicos canarios garantirán a igualdade efectiva entre mulleres e homes no ámbito público e privado e velarán pola conciliación da vida familiar e profesional.

2. Adoptaranse medidas efectivas para educar en valores de igualdade, non sexistas, así como políticas e accións activas que proporcionen ás mulleres protección integral ás vítimas da violencia machista, prestando especial atención ás medidas preventivas.

Artigo 18. *Dereito á orientación sexual.*

Os poderes públicos canarios recoñecerán, de acordo coa lei, o dereito das persoas á súa identidade de xénero e garantirán a non discriminación por este motivo ou pola súa orientación sexual.

Artigo 19. *Dereitos no ámbito da saúde.*

1. Todas as persoas teñen dereito á protección da saúde e ao acceso en condicións de igualdade e gratuidade ao servizo sanitario de responsabilidade pública, nos termos establecidos polas leis.

2. Os poderes públicos canarios deberán establecer mediante lei as condicións que garantan ás persoas usuarias do servizo público canario de saúde os seguintes dereitos:

a) Ao acceso en condicións de igualdade e gratuidade, con respecto, en calquera caso, ao disposto na normativa básica estatal, a todos os servizos e prestacións do sistema público canario de saúde.

b) A unha información integral dos dereitos que as asisten, dos centros, servizos e prestacións do sistema canario de saúde.

c) A unha información integral sobre os seus procesos de enfermidade, dos seus tratamentos e consecuencias derivadas da súa aplicación, que lles permita adoptar unha decisión e prestar o consentimento informado para ser sometidas, de ser o caso, a un tratamento médico.

d) Á elección de profesional médico e de centro sanitario no ámbito do sistema público de saúde.

e) Ao consello xenético e á medicina predictiva.

f) Á prestación dunha atención sanitaria rápida, sen demoras indebidas, e á garantía dun tempo máximo razoable para o acceso aos servizos e tratamentos.

g) A dispor dunha segunda opinión facultativa sobre os seus procesos de saúde.

h) Ao acceso a cuidados paliativos e a vivir con dignidade o proceso da súa morte.

i) Á confidencialidade no tratamento dos datos relativos á súa saúde e ás súas características xenéticas, e ao acceso ao seu propio historial clínico.

j) A recibir asistencia xeriátrica especializada.

k) A recibir actuacións e programas sanitarios específicos e especializados, nos casos de persoas afectadas por enfermidades crónicas, mentais ou persoas que pertencen a grupos específicos recoñecidos sanitariamente como de risco.

Artigo 20. *Dereito a formular instrucións previas.*

Todas as persoas maiores de idade e capaces, nos termos que establezan as leis, teñen dereito a declarar libremente de forma anticipada e expresa a súa vontade sobre os cuidados e os tratamentos e, de ser o caso, sobre o destino do seu corpo e os órganos deste, co obxecto de que esta se cumpra se, cando chegue o momento, a persoa non se encontra en condicións de expresala persoalmente.

Artigo 21. *Dereitos no ámbito da educación.*

1. Todas as persoas teñen dereito a unha educación pública, gratuíta, aconfesional e de calidade, e prestarase especial atención á educación infantil, nos termos da lei.

2. Os poderes públicos canarios deberán garantir o acceso ao sistema público de ensino de todas as persoas en condicións de igualdade, non discriminación e atendendo a criterios de accesibilidade universal. Para o efecto, determinarán mediante lei os criterios e condicións precisos.

3. Garánteselles aos alumnos e alumnas, nos termos que normativamente se establezan, o acceso a libros de texto e material didáctico necesario en todos os niveis obrigatorios de educación nos centros do sistema público canario de ensino.

4. Garántese o dereito de todas as persoas a acceder ao sistema público de bolsas e axudas en condicións de igualdade, nas etapas formativas non gratuítas, incluída a universitaria, nos termos que estableza a lei, promovendo accións positivas para aqueles colectivos con maior vulnerabilidade.

5. Todas as persoas teñen dereito á formación profesional e á formación permanente, nos termos establecidos polas leis.

6. As persoas con necesidades educativas especiais teñen dereito a recibir o apoio necesario que lles permita acceder ao sistema educativo, de forma que se garanta a súa efectiva integración no sistema educativo e a súa evolución formativa, de acordo co establecido polas leis.

7. Os plans educativos deberán conter unha educación integral e deberán recoller os valores de igualdade, entre muller e home, non sexismo, educar na non violencia, non discriminación por ningunha razón, solidariedade e cooperación, diversidade e identidade cultural, participación social e política, así como incorporar o uso e desenvolvemento das novas tecnoloxías.

8. Serán parte integrante dos plans educativos na etapa obrigatoria materias referentes á historia, xeografía, sociedade, política e cultura das Canarias.

9. O sistema público de ensino garante o dereito das nais e dos pais a optar por unha formación relixiosa e moral conforme as súas propias conviccións.

10. Os membros da comunidade educativa teñen dereito a participar nos asuntos escolares e universitarios nos termos establecidos polas leis.

Artigo 22. *Dereito de acceso á vivenda.*

Os poderes públicos canarios deberán garantir o dereito de todas as persoas a unha vivenda digna e regular a súa función social, mediante un sistema de promoción pública, en condicións de igualdade e nos termos que establezan as leis. Poñerase especial atención sobre aqueles colectivos sociais máis vulnerables. Regularase o uso do solo de acordo co interese xeral para evitar a especulación.

Artigo 23. *Dereitos no ámbito laboral e profesional.*

1. Os poderes públicos canarios promoverán cantas políticas activas e medidas sexan necesarias para garantir o dereito de todas as persoas ao traballo.

2. No exercicio efectivo do dereito ao traballo, os poderes públicos canarios garanten a todas as persoas:

a) O dereito á formación profesional para o emprego e promoción profesional, asegurando as condicións de igualdade, accesibilidade universal e non discriminación.

b) O dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade.

c) O dereito a exercer as tarefas laborais e profesionais en condicións de garantía para a súa saúde física e psíquica, a súa integridade, a súa seguridade e a súa dignidade.

d) O dereito á información, á consulta e á participación nas empresas.

e) A adopción de medidas para impedir o acoso, a explotación ou o maltrato no ámbito laboral.

3. Os poderes públicos canarios fomentarán especialmente a inserción, a formación profesional e a accesibilidade ao traballo remunerado en condicións de igualdade ás mulleres, á mocidade e ás persoas con discapacidade.

4. As organizacións sindicais e empresariais teñen dereito a exercer as súas funcións nos ámbitos da concertación social, da participación e da colaboración social.

Artigo 24. *Dereito a unha renda de cidadanía.*

1. As persoas que se encontren en situación de exclusión social teñen dereito a acceder a unha renda de cidadanía nos termos que establezan as leis.

2. Os poderes públicos canarios velarán por erradicar os efectos da pobreza e a exclusión social nas persoas que viven nas Canarias a través do desenvolvemento dos servizos públicos.

Artigo 25. Dereitos de consumidores e usuarios.

As persoas, na súa condición de consumidoras e usuarias de bens e de servizos, teñen dereito, nos termos que se establezan por lei:

- a) A que os poderes públicos canarios garantan a protección da súa saúde, seguridade e intereses económicos, e un réxime de garantías dos produtos e servizos adquiridos.
- b) A unha información integral dos produtos, servizos e prestacións que se ofrezan para o seu consumo.
- c) A asociarse libremente e a participar activamente no referente á Administración pública.

Artigo 26. Dereitos no ámbito do ambiente.

1. Todas as persoas teñen dereito a vivir nun ambiente equilibrado, sustentable, sen contaminación e respectuoso cara á saúde, e a gozar dos recursos naturais e da paisaxe terrestre e mariña en condicións de igualdade, realizando un uso responsable deles. Así mesmo, nos termos que determinen as leis, teñen o correlativo deber de protexelo e melloralo para as xeracións presentes e futuras, así como soportar as limitacións que tal protección poida afectar os seus intereses.

2. Os poderes públicos canarios garantirán a defensa e protección da natureza, do ambiente, da paisaxe e da biodiversidade, tanto en espazos terrestres coma mariños. Estableceranse políticas de xestión, ordenación e mellora da súa calidade, consonte o principio de desenvolvemento sustentable, harmonizándoas coas transformacións que se produzan pola evolución social, económica e ambiental, evitando a especulación urbanística sobre o territorio.

3. Todas as persoas teñen dereito a acceder á información ambiental de que dispoñen os poderes públicos canarios.

Artigo 27. Dereito no ámbito cultural.

1. Todos os cidadáns e cidadás das Canarias teñen dereito a acceder en condicións de igualdade á cultura e ao desenvolvemento das súas capacidades creativas individuais e colectivas.

2. Todas as persoas teñen o deber de respectar e preservar o patrimonio cultural das Canarias en todas as súas manifestacións.

3. Os poderes públicos canarios garantirán a práctica de actividades culturais, artísticas e formativas en condicións de igualdade en todo o territorio das Canarias, promovendo as accións e medidas necesarias e tendo en conta a dobre insularidade.

4. Os poderes públicos canarios velarán pola protección e pola defensa da identidade, do patrimonio histórico e dos valores e intereses das Canarias, do legado etnográfico e arqueolóxico dos aborixes prehistóricos e das demais culturas que foron poboando o arquipélago, así como das distintas modalidades lingüísticas, en particular do *silbo gomero*.

Artigo 28. Dereito de acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación.

Os poderes públicos canarios fomentarán a formación e o acceso ás novas tecnoloxías, participando activamente na sociedade do coñecemento, da información e da comunicación.

Artigo 29. *Dereitos no ámbito dos servizos sociais.*

1. Todas as persoas teñen dereito a acceder en condicións de igualdade ás prestacións e servizos do sistema público de servizos sociais de responsabilidade pública.

2. Os poderes públicos canarios garanten o deber de información integral dos servizos e prestacións ao seu cargo.

3. Os poderes públicos canarios establecerán, na forma que determine a lei, plans especializados de atención para as persoas que garantan os dereitos dispostos nos artigos 16 e 24 do presente estatuto.

Artigo 30. *Dereito á protección dos datos persoais.*

Garántese o dereito efectivo de todas as persoas á privacidade e protección dos seus datos persoais contidos nos arquivos e ficheiros que son competencia das administracións públicas canarias, así como o dereito a acceder a eles, ao seu exame, corrección e cancelación.

Artigo 31. *Dereitos de participación.*

No ámbito da participación política, as persoas que teñan a condición política de canarios, conforme o establecido no presente estatuto e nas leis, teñen dereito:

a) A participar en condicións de igualdade nos asuntos públicos das Canarias, de forma directa ou ben a través de representantes.

b) A elixir libremente os seus representantes nos órganos políticos representativos e a concorrer como candidatos e candidatas nos procesos electorais.

c) A promover e presentar iniciativas lexislativas ao Parlamento de Canarias e a participar, directamente ou a través de entidades asociativas, no proceso de elaboración das leis do Parlamento, nos termos que se establezan no regulamento da Cámara.

d) A dirixir peticións e a presentar queixas ás institucións e administracións públicas canarias.

e) A promover a convocatoria de consultas populares no ámbito espacial das Canarias, así como a participar nelas. Todo isto sen prexuízo das competencias do Estado en materia de referendo.

Artigo 32. *Dereito a unha boa administración.*

A actuación das administracións públicas canarias deberase axustar aos principios de igualdade, non discriminación e respecto, así como de máxima calidade na prestación dos servizos. Ademais, deberanse garantir, nos termos da lei, os seguintes dereitos:

a) Á información integral sobre os servizos e prestacións, e o estado da tramitación dos asuntos que lle concirnan.

b) A un tratamento imparcial e obxectivo dos asuntos que os afecten.

c) Á resolución dos asuntos nun prazo razoable.

d) Ao acceso á información pública, arquivos e rexistros das institucións, órganos e organismos públicos canarios, nos termos previstos na Constitución e nas leis.

e) Á formulación de queixas sobre o funcionamento dos servizos públicos, e á súa resolución.

Artigo 33. *Dereitos no ámbito da xustiza.*

1. Os poderes públicos canarios garantirán, no ámbito das súas competencias, a calidade dos servizos da Administración de xustiza, a atención ás vítimas e o acceso á xustiza gratuíta.

2. No marco da lexislación penitenciaria estatal, os poderes públicos canarios promoverán os acordos necesarios para que as persoas privadas de liberdade con

residencia nas Canarias cumpran as súas condenas en territorio canario e, pola súa vez, facilitarán as medidas de reinserción e integración social destas.

Artigo 34. *Dereito á memoria histórica.*

1. Os poderes públicos canarios velarán polo coñecemento e polo mantemento da memoria histórica das Canarias como patrimonio colectivo que testemuña a defensa da identidade e da cultura do pobo canario e a resistencia e a loita polos dereitos e polas liberdades democráticas. Para tal fin, deberán adoptar as iniciativas institucionais necesarias para o recoñecemento e a rehabilitación de todos os cidadáns que sufriron persecución como consecuencia da defensa da súa identidade cultural, da democracia e do autogoberno das Canarias.

2. Os poderes públicos canarios deben velar para que a memoria histórica se converta en símbolo permanente de identidade, multiculturalidade, tolerancia, dignidade dos valores democráticos, de rexeitamento dos totalitarismos e de recoñecemento de todas aquelas persoas que sufriron persecución debido ás súas opcións persoais, ideolóxicas ou de conciencia.

Artigo 35. *Dereitos dos animais*

Nos termos que se fixen mediante lei, de acordo coa Constitución e co Tratado de funcionamento da Unión Europea, as administracións públicas canarias velarán polo mantemento e pola salvagarda dos animais, ademais de recoñecelos como seres que senten e con dereito a non ser utilizados en actividades que supoñan maltrato ou crueldade. Así mesmo, fixarase o réxime de infraccións e sancións.

Artigo 36. *Garantía dos dereitos.*

1. Os dereitos recoñecidos no presente capítulo débense aplicar na súa interpretación e sentido máis favorable para a súa plena eficacia.

2. Os actos que vulneren os dereitos recoñecidos no presente título poderán ser obxecto de recurso ante a xurisdición correspondente, de acordo cos procedementos que establezan as leis procesuais do Estado.

3. Sen prexuízo das garantías constitucionais, toda persoa poderá dirixirse á Deputación do Común en defensa dos seus dereitos polas posibles lesións imputables ás administracións públicas das Canarias.

CAPÍTULO III

Principios reitores

Artigo 37. *Principios reitores.*

Os poderes públicos canarios asumen como principios reitores da súa política:

1. A promoción das condicións necesarias para o libre exercicio dos dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución e no presente estatuto.

2. O fomento da cohesión económica, territorial e social do arquipélago, garantindo a igualdade de dereitos independentemente do lugar de residencia.

3. A transparencia da súa actividade e o bo goberno na xestión pública.

4. A igualdade das persoas e dos grupos en que se integran e, especialmente, o respecto á igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos, en particular, en materia de emprego, traballo e retribución.

5. Os poderes públicos deben garantir a transversalidade na incorporación da perspectiva de xénero en todas as políticas públicas.

6. A erradicación na sociedade canaria de actitudes sexistas, xenófobas, racistas, homófobas, bélicas ou de calquera outra natureza que atenten contra a igualdade e a dignidade das persoas.

7. A defensa, a promoción e o estudo do español das Canarias como variedade lingüística do español atlántico.

8. A integración nos plans de formación en todos os niveis e nas actuacións das administracións públicas da educación en valores que fomenten a igualdade, a tolerancia, a integración, a liberdade, a solidariedade e a paz.

9. A promoción da participación das familias na educación dos fillos e fillas no marco da comunidade educativa facilitando o acceso ás actividades de educación no tempo libre.

10. O impulso da investigación científica e técnica de calidade e da creatividade artística, a incorporación de procesos innovadores, o acceso á información e ás novas tecnoloxías.

11. A promoción das Canarias como plataforma de paz e solidariedade.

12. A solidariedade consagrada no artigo 138 da Constitución, velando pola efectividade da atención particular ás específicas circunstancias nas Canarias da ultraperifricidade e da dobre insularidade.

13. A promoción de políticas de transporte e de comunicación baseadas en criterios de sustentabilidade, que fomenten a utilización do transporte público e a mellora da mobilidade e da seguridade viaria. As administracións públicas velarán, mediante a acción institucional, por facilitar a accesibilidade universal ás persoas con discapacidade no arquipélago nos seus distintos medios de transporte, así como nas infraestruturas e instalacións de carácter tanto público como privado, conforme o establecido nas leis.

14. A protección efectiva dos recursos naturais estratéxicos básicos das Canarias, especialmente a auga e os recursos enerxéticos, asegurando o seu control público por parte das administracións canarias, no marco da súa competencia.

15. A preservación e mellora da calidade ambiental e da biodiversidade do arquipélago como patrimonio común para mitigar os efectos do cambio climático.

16. O aforro enerxético e a promoción das enerxías renovables, en especial no que se refire á política de transportes e comunicacións.

17. A garantía de que as institucións públicas velarán polo benestar animal, loitando contra o maltrato e protexendo de maneira particular aquelas especies en perigo de extinción e endemismos con presenza no arquipélago.

18. A participación activa de todos os cidadáns e cidadás das Canarias na vida política, económica, cultural e social das Canarias.

19. A organización dunha Administración de xustiza eficaz, sen dilacións indebidas e próxima aos cidadáns e cidadás das Canarias.

20. A promoción das condicións para a participación da mocidade no desenvolvemento político, cultural e social das illas.

21. A protección xurídica, económica e social da familia e das persoas menores, garantindo os cuidados necesarios para o seu benestar.

22. Velar polo dereito das persoas maiores a levar unha vida digna e independente.

23. A promoción da autonomía, a igualdade de oportunidades e a integración social e laboral das persoas con discapacidade, con especial atención á súa achega activa ao conxunto da sociedade e á eliminación das barreiras atendendo a criterios de accesibilidade universal.

24. A integración de colectivos desfavorecidos e, en particular, das persoas migrantes e refuxiadas, a través dos principios do mutuo recoñecemento, do respecto ás diferenzas e da igualdade de dereitos e deberes no marco dos principios e valores constitucionais.

25. Unha política económica e fiscal destinada a un crecemento estable e, de forma prioritaria, á consecución do pleno emprego e á redistribución equitativa da renda e da riqueza entre os cidadáns e cidadás das Canarias conforme os criterios de xustiza social.

26. A protección efectiva da liberdade de empresa nunha economía de mercado. Ordenaranse os mercados para asegurar a competencia libre e leal, a actividade empresarial, a produtividade e a colaboración entre as empresas.

27. A promoción do diálogo social con sindicatos e empresarios como instrumentos necesarios na concepción e execución das políticas de cohesión e desenvolvemento. Os poderes públicos adoptarán as medidas necesarias para garantir os dereitos laborais e sindicais das persoas traballadoras.

28. O fomento da actividade turística e a súa ordenación levaranse a cabo co obxectivo de lograr un modelo de desenvolvemento sustentable, especialmente respectuoso co ambiente, co patrimonio cultural canario e co territorio.

29. O fomento do sector agrícola, gandeiro e pesqueiro.

30. A promoción da diversificación das actividades produtivas nas Canarias.

TÍTULO II

Das institucións da Comunidade Autónoma de Canarias

CAPÍTULO I

Do Parlamento

Artigo 38. *Natureza.*

1. O Parlamento de Canarias, órgano representativo do pobo canario, é elixido mediante sufraxio universal, directo, igual, libre e secreto.

2. O Parlamento de Canarias é inviolable.

3. A duración do mandato será de catro anos, sen prexuízo dos supostos de disolución anticipada.

Artigo 39. *Réxime electoral.*

1. Serán electores e elixibles as persoas maiores de idade inscritas no censo que gocen da condición política de canarios, segundo o presente estatuto, e se encontren en pleno desfrute dos seus dereitos civís e políticos, sen prexuízo das causas de inelixibilidade establecidas pola lei.

2. Unha lei do Parlamento de Canarias aprobada por unha maioría de tres quintos, por iniciativa dos seus membros, regulará o réxime electoral consonte as seguintes bases:

a) O sistema electoral será o de representación proporcional.

b) O número de deputados non será inferior a cincuenta nin superior a setenta e cinco.

c) As circunscricións electorais poderán ser de ámbito autonómico, insular ou de ambas. Cada unha das illas de El Hierro, Fuerteventura, Gran Canaria, La Gomera, Lanzarote, La Palma e Tenerife constitúen unha circunscrición electoral. Establecerase o número de deputados e deputadas asignados a cada circunscrición.

d) Establecerase a porcentaxe mínima de votos que deben obter as listas electorais para acceder á repartición de escaños.

e) A ningunha circunscrición insular se lle poderá asignar un número de deputados e deputadas inferior a outra que teña menos poboación de dereito.

Artigo 40. *Estatuto dos deputados.*

1. Os deputados non estarán suxeitos a mandato imperativo.

2. Os membros do Parlamento serán inviolables polos votos e opinións que emitan no exercicio do seu cargo. Durante o seu mandato, non poderán ser detidos nin retidos, senón en caso de flagrante delito.

3. Os membros do Parlamento de Canarias percibirán as asignacións económicas que se establezan nos orzamentos da Cámara, para a súa posterior integración nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Canarias.

Artigo 41. *Organización e funcionamento.*

1. O Parlamento, na primeira reunión de cada lexislatura, elixirá unha mesa formada por unha presidencia, dúas vicepresidencias e dúas secretarías. O Regulamento do Parlamento regulará tanto o procedemento para a súa elección como as súas funcións.

2. O Parlamento goza de autonomía organizativa, financeira, administrativa e disciplinaria, e fixa o seu propio orzamento con plena autonomía. Así mesmo, elabora e aproba o estatuto do persoal dependente del.

3. O Parlamento funcionará en pleno e en comisións.

4. O Parlamento elaborará o seu regulamento, que deberá ser aprobado por maioría absoluta dos seus membros. Nel determinaranse o réxime de sesións, a formación de grupos parlamentarios e o funcionamento da Deputación Permanente, así como cantas outras cuestións afecten os procedementos lexislativos e de control político.

5. Os cabidos insulares participarán no Parlamento a través da Comisión Xeral de Cabidos Insulares. O Regulamento da Cámara fixará a súa composición. Será preceptivo o informe da dita comisión cando se tramiten asuntos que afecten as illas e os seus cabidos insulares.

6. Os acordos no Parlamento adoptaranse por maioría simple, coa excepción dos casos en que neste estatuto se requiran outras maiorías. Non obstante, cando no Pleno do Parlamento ao menos os dous terzos dos deputados elixidos nunha mesma circunscrición insular se opoñan de forma motivada á adopción dun acordo por consideralo prexudicial para a illa, o asunto posporase á sesión seguinte plenaria.

7. O Parlamento reunirse en períodos de sesións comprendidos dentro das datas que sinale o Regulamento do Parlamento. Fóra de tales períodos a Cámara poderá realizar sesións extraordinarias, que deberán ser convocadas polo presidente desta, con especificación da orde do día, por petición da Deputación Permanente, dunha cuarta parte dos deputados, de dous grupos parlamentarios e do Goberno.

8. O Parlamento fomentará a participación cidadá. O Regulamento da Cámara fixará as medidas e os instrumentos a este respecto para os distintos ámbitos e órganos da Cámara.

Artigo 42. *Comisións de investigación.*

1. O Parlamento poderá nomear, nos termos establecidos no Regulamento da Cámara, comisións de investigación sobre calquera asunto de interese público. As súas conclusións non serán vinculantes para os tribunais nin afectarán as resolucións xudiciais, sen prexuízo de que o resultado da investigación sexa comunicado ao Ministerio Fiscal para o exercicio, cando proceda, das accións oportunas.

2. Estas comisións poderán requirir a presenza ante elas de calquera persoa para informar e requirir do Goberno, de calquera das administracións públicas e das institucións ou organismos delas dependentes a información e documentación que precisen.

Artigo 43. *Funcións.*

Son funcións do Parlamento:

- a) Exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma.
- b) Aprobar os seus orzamentos.
- c) Elixir a persoa titular da Presidencia de Canarias e controlar politicamente a acción do Goberno.
- d) Designar, para cada lexislatura do Parlamento, os senadores representantes da Comunidade Autónoma asegurando, en todo caso, a adecuada representación proporcional. Os senadores designados polo Parlamento de Canarias poderán comparecer ante este, na forma que determine o regulamento, para informar da súa actividade no Senado.
- e) Solicitar do Goberno do Estado a adopción e presentación de proxectos de lei e presentar directamente proposicións de lei ante as Cortes Xerais, de acordo co artigo 87.2 da Constitución.

- f) Interpor recursos de inconstitucionalidade e constituírse como parte ante o Tribunal Constitucional nos supostos e nos termos previstos na Constitución e na súa lei orgánica.
- g) Calquera outra que lle asignen a Constitución, o presente estatuto ou as leis.

CAPÍTULO II

Das leis e demais normas con forza de lei

Artigo 44. *Iniciativa lexislativa.*

1. A iniciativa lexislativa corresponde ao Goberno de Canarias e aos deputados, nos termos que estableza o Regulamento do Parlamento.
2. A iniciativa lexislativa corresponde, así mesmo, a cada un dos cabidos insulares, nos termos que estableza o Regulamento do Parlamento.
3. Os concellos canarios, cando actúen agrupados especialmente con este fin e representando a porcentaxe de poboación e o número de municipios que se determinen no Regulamento do Parlamento, poderán exercer a iniciativa lexislativa.
4. A iniciativa lexislativa popular, como expresión do dereito de participación recoñecido no artigo 31 deste estatuto, regularase mediante lei do Parlamento.

Artigo 45. *Delegación lexislativa.*

1. O Parlamento de Canarias poderá delegar no Goberno a potestade de ditar normas con rango de lei, excepto nos seguintes supostos:
 - a) As leis do orzamento da Comunidade Autónoma.
 - b) As leis de institucións autonómicas ou que requiran maioría cualificada do Parlamento.
2. A delegación lexislativa deberase outorgar mediante unha lei de bases, cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados, ou mediante unha lei ordinaria, cando se trate de refundir varios textos legais nun só.
3. A delegación lexislativa deberáselles outorgar ao Goberno de forma expresa para materia concreta e con fixación do prazo para o seu exercicio. Non se poderá facer uso da delegación cando o Goberno se encontre en funcións por disolución do Parlamento.

A delegación esgótase polo uso que dela faga o Goberno, mediante a publicación da norma correspondente, que recibirá o nome de decreto lexislativo. Non se poderá entender concedida de modo implícito ou por tempo indeterminado. Tampouco poderá permitir a subdelegación a autoridades distintas do propio Goberno.
4. As leis de bases delimitarán con precisión o obxecto e alcance da delegación lexislativa e os principios e criterios que se deben seguir no seu exercicio e non poderán, en ningún caso, autorizar a modificación da propia lei de bases nin facultar para ditar normas con carácter retroactivo.
5. A autorización para refundir textos legais determinará o ámbito normativo a que se refire o contido da delegación, especificando se se circunscribe á mera formulación dun texto único ou se se inclúe a de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que deben ser refundidos.
6. O control da lexislación delegada levarase a cabo nos termos establecidos no Regulamento do Parlamento de Canarias, sen prexuízo do que lle corresponde, segundo a lexislación aplicable, ao Tribunal Constitucional e á xurisdición do contencioso-administrativo. As leis de delegación poderán establecer, ademais, outros mecanismos de control.

Artigo 46. *Decretos lei.*

1. En caso de extraordinaria e urxente necesidade, o Goberno poderá ditar normas con rango de lei, que recibirán o nome de decretos lei.

2. Estas normas, que terán carácter provisional, non poderán afectar os supostos excluídos no artigo anterior nin a regulación esencial dos dereitos establecidos neste estatuto.

3. Os decretos lei deberá validalos o Parlamento de Canarias no prazo de trinta días naturais contados a partir da data da súa publicación, e deberase convocar a Deputación Permanente se o Parlamento non estiver constituído. O Parlamento deberase pronunciar expresamente dentro do dito prazo sobre a súa validación ou derogación.

4. Durante o prazo establecido no punto anterior poderanse tramitar como proxectos de lei polo procedemento de urxencia.

Artigo 47. *Promulgación e publicación.*

1. As leis do Parlamento de Canarias e demais normas con forza de lei serán promulgadas en nome do rei polo presidente ou presidenta da Comunidade Autónoma e publicadas no «Boletín Oficial de Canarias» no prazo de 15 días desde a súa aprobación e no «Boletín Oficial del Estado». Para efectos da súa entrada en vigor, rexerá a data da súa publicación no «Boletín Oficial de Canarias».

2. O control da constitucionalidade das leis do Parlamento de Canarias e demais normas con forza de lei corresponderá ao Tribunal Constitucional.

CAPÍTULO III

Da Presidencia de Canarias

Artigo 48. *Elección.*

1. O Parlamento elixirá de entre os seus membros a persoa titular da Presidencia.

2. A Presidencia do Parlamento, logo de consulta coas forzas políticas representadas nel, e oída a Mesa, propondrá unha candidatura á Presidencia de Canarias.

3. A persoa proposta presentará o seu programa de goberno ao Parlamento. Para ser elixida, deberá obter en primeira votación maioría absoluta; de non obtela, terá lugar unha nova votación pasadas 48 horas e a confianza entenderase outorgada se obtén maioría simple.

4. No caso de non conseguirse esa maioría, tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista anteriormente. Se, transcorrido o prazo de dous meses a partir da primeira votación de investidura, ningunha candidatura obtén a confianza do Parlamento, este quedará automaticamente disolto e convocaranse novas eleccións.

5. Unha vez elixida, a persoa titular da Presidencia será nomeada polo rei.

Artigo 49. *Estatuto persoal.*

1. A Presidencia designa e separa libremente a persoa titular da Vicepresidencia e os restantes membros do Goberno, dirixe e coordina a súa actuación e, como titular da Presidencia da Comunidade Autónoma de Canarias, exerce a máis alta representación das Canarias e a ordinaria do Estado na Comunidade Autónoma.

2. A Presidencia poderá delegar temporalmente funcións executivas propias na persoa titular da Vicepresidencia e nos demais membros do Goberno.

3. A persoa titular da Presidencia é responsable politicamente ante o Parlamento.

4. A Presidencia poderá propor por iniciativa propia ou por solicitude da cidadanía, de conformidade coas leis, a realización de consultas populares no ámbito da Comunidade Autónoma de Canarias sobre cuestións de interese xeral en materias autonómicas ou locais.

5. A persoa titular da Vicepresidencia, que deberá ser membro do Parlamento de Canarias, substitúe a persoa titular da Presidencia en caso de vacante e ausencia ou enfermidade do seu titular.

CAPÍTULO IV

Do GobernoArtigo 50. *Funcións.*

Corresponde ao Goberno de Canarias:

1. A dirección política da Comunidade Autónoma de Canarias e da súa Administración.
2. As funcións executivas e administrativas, de conformidade co que establecen o presente estatuto e as leis.
3. A potestade regulamentaria.
4. A planificación da política económica da Comunidade Autónoma de Canarias e a súa coordinación coas políticas insulares, tendo en conta as necesidades de cada illa e o interese xeral.
5. A interposición de recursos de inconstitucionalidade e cantas facultades lle atribúa a Lei orgánica do Tribunal Constitucional.
6. Calquera outra potestade ou facultade que lle confiran este estatuto ou as leis.

Artigo 51. *Composición.*

1. O Goberno de Canarias está composto polas persoas titulares da Presidencia e da Vicepresidencia e polos conselleiros ou conselleiras.
2. A lei regulará as atribucións e o estatuto dos seus membros.
3. Os membros do Goberno só poderán ser detidos, durante o exercicio do cargo, en caso de flagrante delito.

Artigo 52. *Cesamento.*

1. O Goberno cesará:
 - a) Tras a celebración de eleccións ao Parlamento de Canarias.
 - b) Pola perda da confianza parlamentaria da persoa titular da Presidencia, segundo as previsións deste estatuto.
 - c) Cando quen exerza a Presidencia cese por dimisión; por notoria incapacidade permanente, física ou mental, recoñecida polo Parlamento por maioría absoluta dos seus membros, que o inhabilite para o exercicio do cargo; por condena penal firme que comporte a inhabilitación para o exercicio de cargo público, ou por perda da condición de deputado do Parlamento de Canarias.
 - d) Ao producirse o falecemento de quen exerza a Presidencia.
2. O Goberno cesante continuará en funcións até a toma de posesión do novo Goberno, que terá lugar no prazo máximo de quince días contado desde a data de nomeamento da persoa titular da Presidencia. Unha lei do Parlamento de Canarias regulará as atribucións do Goberno cesante.

CAPÍTULO V

Das relacións entre o Parlamento e o GobernoArtigo 53. *Responsabilidade política.*

O Goberno responde solidariamente da súa xestión política ante o Parlamento de Canarias.

Non se poderá exixir a responsabilidade política individual dos membros do Goberno.

Artigo 54. Cuestión de confianza.

A persoa titular da Presidencia do Goberno, logo de deliberación do Goberno, pode propor ante o Parlamento unha cuestión de confianza sobre o seu programa ou sobre unha declaración de política xeral.

A confianza entenderase outorgada cando o presidente obteña a maioría simple dos votos emitidos.

A persoa titular da Presidencia, xunto co seu Goberno, cesará se o Parlamento lle nega a confianza, caso en que se elixirá un novo presidente na forma indicada polo artigo 48 do presente estatuto.

Artigo 55. Moción de censura.

O Parlamento pode exixir a responsabilidade política solidaria do Goberno mediante a adopción, por maioría absoluta, da moción de censura. Toda moción de censura debe incluír o nome do candidato ou candidata á Presidencia e ser presentada, ao menos, polo quince por cento dos membros do Parlamento.

Os signatarios dunha moción de censura rexeitada non poderán presentar outra durante o mesmo período de sesións.

Artigo 56. Disolución anticipada do Parlamento.

1. A persoa titular da Presidencia, logo de deliberación do Goberno e baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá disolver o Parlamento. A disolución acordarase por decreto en que se convocarán, pola súa vez, eleccións e nel conteranse cantos requisitos exixa a lexislación electoral aplicable.

2. A disolución non se poderá decretar cando se presentase unha moción de censura nin durante o primeiro ano de lexislatura.

CAPÍTULO VI**Órganos de relevancia estatutaria****Artigo 57. Deputación do Común.**

1. A Deputación do Común é a alta instancia comisionada do Parlamento de Canarias para a defensa dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas e supervisará as actividades das administracións públicas canarias, de acordo co que estableza a lei.

2. No cumprimento das súas funcións poderá solicitar a colaboración de toda clase de autoridades, organismos, funcionarios e entidades de calquera Administración pública con sede na Comunidade Autónoma de Canarias.

3. A persoa titular da Deputación do Común será elixida pola maioría das tres quintas partes dos membros do Parlamento de Canarias para un mandato de cinco anos.

4. Unha lei do Parlamento de Canarias garantirá a independencia das súas actuacións e regulará a súa organización, o seu funcionamento e a cooperación co Defensor do Pobo.

5. No exercicio da súa actividade poderá subscribir os acordos de cooperación que coide necesarios con institucións similares.

Artigo 58. Consello Consultivo de Canarias.

1. O Consello Consultivo de Canarias é o supremo órgano consultivo da Comunidade Autónoma de Canarias encargado de ditaminar sobre a adecuación á Constitución e ao Estatuto de autonomía:

- a) Das iniciativas lexislativas.
- b) Dos decretos lei sometidos á validación do Parlamento.
- c) Dos proxectos de decretos lexislativos.

d) Da interposición de recursos de inconstitucionalidade por parte do Parlamento ou do Goberno, así como as formulacións de conflitos de competencia.

e) As demais cuestións que determine a súa lei reguladora.

2. A lei garantirá a súa imparcialidade e independencia e regulará a súa composición, o seu funcionamento e o estatuto dos seus membros.

Artigo 59. *Audiencia de Contas.*

1. A Audiencia de Contas, dependente do Parlamento de Canarias, realizará as funcións de fiscalización externa da xestión económica, financeira e contable do sector público da Comunidade Autónoma e demais entes públicos das Canarias, sen prexuízo das competencias que corresponden ao Tribunal de Contas, de acordo coa Constitución.

2. Exercerá as súas funcións por delegación do Parlamento no exame e na comprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Canarias.

3. Unha lei do Parlamento de Canarias regulará a súa organización e o seu funcionamento.

Artigo 60. *Comisionado de Transparencia e Acceso á Información Pública.*

1. O Comisionado de Transparencia e Acceso á Información Pública é o órgano de fomento, análise, control e protección da transparencia pública e do dereito de acceso á información pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Canarias, de acordo co que estableza a lei.

2. Unha lei do Parlamento de Canarias garantirá a súa actuación con plena capacidade, autonomía e independencia e regulará a súa organización, o seu funcionamento e as relacións coas administracións públicas, entidades e outros obrigados pola lei.

3. O Comisionado de Transparencia e Acceso á Información Pública será elixido por maioría de tres quintas partes do Parlamento de Canarias, conforme o procedemento que a lei determine.

CAPÍTULO VII

Da Administración da Comunidade Autónoma de Canarias

Artigo 61. *Organización da Administración.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a organización da súa propia Administración pública, de conformidade co presente estatuto e coas leis, que responderá aos principios de eficacia, economía, máxima proximidade aos cidadáns e atención ao feito insular.

2. A Comunidade Autónoma de Canarias exercerá as súas funcións administrativas, ben por medio da súa propia Administración, ben cando o xustifiquen os principios de subsidiariedade, descentralización e eficiencia, a través dos cabidos insulares e concellos coa adecuada suficiencia financeira, de conformidade co estatuto e coas leis.

Artigo 62. *Réxime xurídico.*

1. No exercicio das súas competencias, a Administración pública da Comunidade Autónoma de Canarias gozará das seguintes potestades e privilexios:

a) A presunción de lexitimidade e a executoriedade dos seus actos, así como os poderes de execución forzosa.

b) A revisión en vía administrativa, tanto de oficio como en vía de recurso.

c) A potestade expropiatoria, incluída a declaración de urxente ocupación dos bens afectados e o exercicio das restantes atribucións da lexislación expropiatoria.

d) Os poderes de investigación, deslindamento e recuperación de oficio en materia de bens.

e) A potestade sancionadora, dentro dos límites que estableza o ordenamento xurídico.

f) A facultade de utilización do procedemento de constrinximento.

g) A inembargabilidade dos seus bens e dereitos, así como as prerrogativas de prelación, preferencia e demais recoñecidos á Facenda pública para o cobramento dos seus créditos, conforme as leis.

h) A exención de toda obrigación de garantía ou caución ante calquera organismo administrativo ou tribunal xurisdiccional.

2. Non se admitirán accións posesorias de tutela sumarias contra as actuacións da Comunidade Autónoma de Canarias en materias da súa competencia realizadas de acordo co procedemento legalmente establecido.

Artigo 63. *Control de normas, actos e acordos.*

1. As normas sen rango de lei, os actos e acordos emanados dos órganos executivos e administrativos da Comunidade Autónoma de Canarias serán impugnables na vía contencioso-administrativa, sen prexuízo dos recursos administrativos e económico-administrativos que procedan e do establecido no artigo 153.b) da Constitución.

2. As normas sen rango de lei dos órganos da Comunidade Autónoma de Canarias publicaranse, para a súa plena validez, no «Boletín Oficial de Canarias».

TÍTULO III

Organización territorial das Canarias

Artigo 64. *Disposición xeral.*

1. Canarias articula a súa organización territorial en illas e municipios, que gozan de plena autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses e para o exercicio das súas competencias, no marco do que establecen a Constitución, o presente estatuto e as leis.

2. A atribución de competencias ás illas e municipios polas leis autonómicas terá en conta os seguintes principios:

- a) Garantía da autonomía local.
- b) Equidade.
- c) Eficacia.
- d) Eficiencia.
- e) Máxima proximidade ao cidadán.
- f) Non duplicidade de competencias.
- g) Estabilidade orzamentaria.

CAPÍTULO I

Das illas e dos cabidos insulares

Artigo 65. *Illas e territorios insulares.*

1. A organización territorial das Canarias está integrada polas illas de El Hierro, Fuerteventura, Gran Canaria, La Gomera, Lanzarote, La Palma e Tenerife. A illa de La Graciosa estará agregada administrativamente a Lanzarote, así como os illotes de Alegranza, Montaña Clara, Roque del Este e Roque del Oeste, e o de Lobos a Fuerteventura.

2. Os cabidos insulares son institucións da Comunidade Autónoma de Canarias.

3. Os cabidos insulares constitúen órganos de goberno, representación e administración de cada illa e gozarán de autonomía na xestión dos seus intereses e no exercicio das súas competencias propias, de acordo coa Constitución, este estatuto e as leis.

4. Os cabidos insulares asumen na illa a representación ordinaria do Goberno e da Administración autonómica e desempeñan as funcións administrativas autonómicas previstas neste estatuto de autonomía e nas leis, así como as que lles sexan transferidas ou delegadas.

Artigo 66. *Capitais insulares.*

A capital de cada illa fíxase onde se encontra a sede dos cabidos insulares: a de El Hierro en Valverde; a de Fuerteventura en Puerto del Rosario; a de Gran Canaria en Las Palmas de Gran Canaria; a de La Gomera en San Sebastián de La Gomera; a de Lanzarote en Arrecife; a de La Palma en Santa Cruz de La Palma, e a de Tenerife en Santa Cruz de Tenerife.

Artigo 67. *Organización.*

1. Unha lei do Parlamento de Canarias, aprobada por maioría absoluta, regulará a organización dos cabidos insulares de acordo coa Constitución, con este estatuto e coas leis.

2. Son órganos necesarios dos cabidos insulares o pleno, a presidencia, as vicepresidencias e o consello de goberno.

3. O pleno do cabido insular exerce a iniciativa lexislativa ante o Parlamento de Canarias, aproba os orzamentos do cabido insular, exige a responsabilidade política e controla a acción do consello de goberno, aprobará o regulamento orgánico de funcionamento e exerce todas as funcións que lle outorgan este estatuto e as leis do Parlamento.

4. O consello de goberno insular estará integrado polas persoas titulares da presidencia, das vicepresidencias, de ser o caso, e dos departamentos ou áreas executivas, e correspóndelle o exercicio da función executiva en relación coas competencias do cabido insular.

Artigo 68. *Composición e réxime electoral.*

1. Os plenos dos cabidos insulares estarán compostos polos membros elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto mediante un sistema de representación proporcional, nos termos que estableza a lei.

2. A duración do mandato será de catro anos.

3. A lei prevista no artigo anterior regulará o número de membros que deben integrar cada cabido insular, así como as causas de inelixibilidade e de incompatibilidade que os afecten, de acordo co establecido na Lei orgánica de réxime electoral.

Artigo 69. *Funcionamento e réxime xurídico.*

A lei e os regulamentos orgánicos dos respectivos cabidos insulares determinarán as regras de funcionamento e o réxime xurídico da actuación deles e dos seus órganos, así como o réxime das súas funcións e competencias, con respecto da lexislación básica estatal.

Artigo 70. *Competencias insulares.*

1. Ás illas correspóndelles o exercicio das competencias que lles son recoñecidas como propias; as que se lles transfiran ou deleguen, e a colaboración no desenvolvemento e na execución dos acordos adoptados polo Goberno de Canarias, nos termos que establezan as leis do Parlamento. As transferencias e delegacións levarán incorporados os medios económicos, materiais e persoais que correspondan.

2. Os cabidos insulares, como institucións da Comunidade Autónoma, exercerán funcións executivas de carácter insular, no marco e dentro dos límites da lexislación aplicable, nas seguintes materias:

- a) Demarcacións territoriais, alteración de termos e denominación oficial dos municipios.
- b) Ordenación do territorio.
- c) Estradas, salvo as que se declaren de interese autonómico, no marco do que dispoña a lexislación territorial canaria.
- d) Transporte por estrada, por cable e ferrocarril.
- e) Xestión de portos de refuxio e deportivos, salvo que se declaren de interese autonómico.
- f) Turismo.
- g) Feiras e mercados insulares.
- h) Defensa do consumidor.
- i) Asistencia social e servizos sociais.
- j) Policía de vivenda. Conservación e administración do parque público de vivendas.
- k) As funcións propias da Axencia de Extensión Agraria. Infraestrutura rural de carácter insular. Granxas experimentais.
- l) Campañas de saneamento zosanitario.
- m) Servizos forestais, vías pecuarias e pastos.
- n) Protección do ambiente.
- ñ) Acuicultura e cultivos mariños.
- o) Artesanía.
- p) Cultura, deportes, ocio e lecer. Patrimonio histórico-artístico insular. Museos, bibliotecas e arquivos que non reserve para si a Comunidade Autónoma.
- q) Caza.
- r) Residencias de estudantes na illa.
- s) Espectáculos.
- t) Actividades clasificadas.
- u) Igualdade de xénero.

Artigo 71. *Transferencia e delegación de funcións.*

Os cabidos insulares, como institucións da Comunidade Autónoma, poderán transferir ou delegar nos concellos o exercicio das súas funcións administrativas propias, cando así o xustifiquen os principios de subsidiariedade, descentralización e eficiencia.

Artigo 72. *Actividade de fomento e fixación de políticas propias dos cabidos insulares.*

Corresponde aos cabidos insulares o exercicio da actividade de fomento, sen prexuízo da actividade que corresponda á Comunidade Autónoma, e a fixación de políticas propias. Así mesmo, cando así o decidan, a fixación de políticas comúns con outras illas, comunidades ou co Estado, de acordo co Goberno de Canarias.

Artigo 73. *Coordinación da actividade dos cabidos insulares.*

O Goberno de Canarias coordinará a actividade dos cabidos insulares en canto afecte directamente o interese xeral da Comunidade Autónoma de Canarias. Para iso poderalles requirir información, documentación e, nos termos que dispoña a lei, establecer obxectivos e prioridades da acción pública, así como utilizar outros mecanismos de coordinación previstos na lexislación básica do Estado.

Se un cabido insular incumpre as obrigacións impostas directamente por lei, de forma que tal incumprimento afecte o exercicio de competencias da Comunidade Autónoma de Canarias, esta adoptará as medidas necesarias, de acordo coa lexislación básica estatal de réxime local.

Artigo 74. *Conferencia de Presidentes.*

1. A Conferencia de Presidentes é un foro institucional de colaboración do Goberno de Canarias e dos cabidos insulares que ten a función de servir de encontro e debate

dos grandes asuntos de interese común, a coordinación das políticas de actuación de interese concorrente e a procura dos acordos que se deban incorporar aos correspondentes ámbitos institucionais da Comunidade Autónoma de Canarias e das illas.

2. A Conferencia, integrada por quen desempeñe a Presidencia de Canarias e das illas, aproba e réxese polas súas propias normas de organización e funcionamento.

CAPÍTULO II

Dos municipios canarios

Artigo 75. *Os municipios.*

1. Os municipios, como entidades locais básicas das Canarias, gozan de personalidade xurídica propia e de autonomía plena para o exercicio das súas competencias. O seu goberno, representación e administración corresponde aos concellos.

2. Os municipios canarios réxense polo disposto nas lexislacións do Estado e da Comunidade Autónoma de Canarias, ditadas no ámbito das súas respectivas competencias.

3. Os municipios poderán agruparse, nos termos establecidos na lei, para a xestión das súas competencias e a mellor prestación de servizos aos seus cidadáns.

4. Ademais das súas competencias propias, corresponderalles o exercicio das que lles sexan transferidas por leis do Parlamento de Canarias ou delegadas polo Goberno, polos cabidos insulares ou por outras administracións públicas. As transferencias e delegacións levarán incorporados os medios económicos, materiais e persoais que correspondan.

5. En todo caso, os municipios, de acordo co punto anterior, poderán exercer competencias, entre outras, nas seguintes materias:

- a) Consumo.
- b) Cultura.
- c) Deportes.
- d) Educación.
- e) Emprego.
- f) Mocidade.
- g) Ambiente.
- h) Urbanismo.
- i) Patrimonio histórico.
- j) Igualdade de xénero.
- k) Protección civil e seguridade cidadá.
- l) Sanidade e servizos sociais.
- m) Transporte.
- n) Turismo.
- ñ) Vivenda.
- o) Actividades clasificadas e espectáculos públicos.

Artigo 76. *Consello Municipal de Canarias.*

O Consello Municipal de Canarias é o órgano de participación e colaboración da Administración da Comunidade Autónoma de Canarias e dos concellos canarios e, particularmente, o encargado de canalizar o parecer dos concellos nas iniciativas lexislativas que afecten de forma específica a súa organización e competencias. A súa composición, organización e funcións serán determinadas mediante lei do Parlamento de Canarias.

TÍTULO IV

Da Administración de xustiza nas Canarias*Artigo 77. Competencia dos órganos xudiciais.*

1. A competencia dos órganos xudiciais nas Canarias esténdese en todas as ordes xurisdicionais e instancias que establecen a Lei orgánica do poder xudicial e as leis procesuais do Estado.

2. Nas materias de dereito propio da Comunidade Autónoma de Canarias a competencia esténdese a todas as instancias e graos, incluídos, de ser o caso, o recurso de casación e o de revisión, nos termos que determinen as leis procesuais do Estado.

CAPÍTULO I

Do Tribunal Superior de Xustiza e do fiscal do Tribunal Superior de Canarias*Artigo 78. O Tribunal Superior de Xustiza.*

1. O Tribunal Superior de Xustiza de Canarias é o órgano xudicial en que culmina a organización xudicial nas Canarias, sen prexuízo da xurisdición que corresponde ao Tribunal Supremo, e é competente, nos termos establecidos pola Lei orgánica do poder xudicial, para coñecer dos recursos e dos procedementos nas distintas ordes xurisdicionais civil, penal, contencioso-administrativa e social, e para tutelar os dereitos recoñecidos polo presente estatuto.

2. O Tribunal Superior de Xustiza de Canarias é a última instancia xurisdicional de todos os procesos xudiciais seguidos ante os órganos xudiciais competentes das Canarias, así como de todos os recursos que se tramiten no seu ámbito territorial, sexa cal for o dereito invocado como aplicable, de acordo coa Lei orgánica do poder xudicial e sen prexuízo da competencia reservada ao Tribunal Supremo. A Lei orgánica do poder xudicial e a lexislación procesual do Estado determinarán o alcance e o contido dos indicados recursos.

3. Corresponde en exclusiva ao Tribunal Superior de Xustiza de Canarias a unificación da interpretación do dereito propio das Canarias.

4. Corresponde ao Tribunal Superior de Xustiza de Canarias a resolución dos recursos extraordinarios de revisión que autorice a lei contra as resolucións firmes ditadas polos órganos xudiciais das Canarias.

5. O Tribunal Superior de Xustiza de Canarias terá a súa sede na cidade de Las Palmas de Gran Canaria; en Santa Cruz de Tenerife estableceranse as salas necesarias para o seu adecuado funcionamento.

Artigo 79. O presidente do Tribunal Superior de Xustiza.

1. O presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias é o representante do poder xudicial nas Canarias. É nomeado polo rei, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial nos termos que estableza a Lei orgánica do poder xudicial. O presidente do Goberno de Canarias ordenará a publicación do dito nomeamento no «Boletín Oficial de Canarias».

2. Os presidentes de sala do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias serán nomeados por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial nos termos que determine a Lei orgánica do poder xudicial.

Artigo 80. Competencias do Tribunal Superior de Xustiza.

En todo caso, corresponde ao Tribunal Superior de Xustiza de Canarias:

1. Coñecer dos recursos relacionados cos procesos electorais da Comunidade Autónoma consonte as leis.

2. Resolver as cuestións de competencia entre órganos xudiciais das Canarias en todos os casos en que non exista un superior común.

Artigo 81. *O fiscal superior de Canarias.*

1. O fiscal superior de Canarias é o fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza, representa o Ministerio Fiscal no ámbito da Comunidade Autónoma de Canarias e será designado nos termos que estableza o seu estatuto orgánico.

2. O presidente do Goberno de Canarias ordena a publicación do nomeamento do fiscal superior de Canarias no «Boletín Oficial de Canarias».

3. O fiscal superior de Canarias debe enviar a memoria anual da Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias ao Goberno, ao Consello de Xustiza de Canarias e ao Parlamento, e debe presentala ante este dentro dos seis meses seguintes ao día en que se fai pública.

4. As funcións do fiscal de Canarias son as que establece o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

CAPÍTULO II

Do Consello de Xustiza de Canarias

Artigo 82. *Natureza do Consello.*

O Consello de Xustiza de Canarias colabora coa Administración de xustiza nas Canarias, de acordo co previsto na Lei orgánica do poder xudicial.

Artigo 83. *Composición e atribucións.*

1. O Consello de Xustiza de Canarias está integrado polos membros previstos pola Lei orgánica do poder xudicial. O Parlamento de Canarias designa os membros do consello que determine a dita lei.

2. As funcións do Consello de Xustiza de Canarias son as que lle atribúe a Lei orgánica do poder xudicial, as previstas no presente estatuto, as leis do Parlamento de Canarias e as que, de ser o caso, lle delegue o Consello Xeral do Poder Xudicial.

3. As atribucións do Consello de Xustiza de Canarias respecto aos órganos xudiciais situados no seu territorio son, conforme o previsto na Lei orgánica do poder xudicial, as seguintes:

- a) Ser oído na planificación da inspección dos tribunais e xulgados das Canarias.
- b) Informar, cando sexa requirido, sobre os recursos de alzada interpostos contra os acordos dos órganos de Goberno dos tribunais e xulgados das Canarias.
- c) Aplicar os regulamentos do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- d) Informar sobre as propostas de revisión, delimitación e modificación das demarcacións territoriais dos órganos xudiciais e sobre as propostas de creación de seccións e xulgados.
- e) Presentar unha memoria anual ao Parlamento sobre o estado e o funcionamento da Administración de xustiza nas Canarias.
- f) Todas as funcións que lle atribúan a Lei orgánica do poder xudicial e as leis do Parlamento de Canarias, e as que lle delegue o Consello Xeral do Poder Xudicial.

4. O Consello de Xustiza de Canarias, a través do seu presidente, comunicará ao Consello Xeral do Poder Xudicial as resolucións que dite e as iniciativas que emprenda, e deberá facilitar a información que lle sexa solicitada.

Artigo 84. *Control dos actos do Consello de Xustiza.*

Os actos do Consello de Xustiza de Canarias que non sexan impugnables en alzada ante o Consello Xeral do Poder Xudicial poden impugnarse xurisdiccionalmente nos termos establecidos nas leis.

CAPÍTULO III

Competencias da Comunidade Autónoma de Canarias sobre a Administración de xustizaArtigo 85. *Atribucións.*

En relación coa Administración de xustiza, exceptuada a xurisdición militar, e nos termos que estableza a Lei orgánica do poder xudicial, corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias:

1. Exercer todas as facultades que a Lei orgánica do poder xudicial recoñece ou atribúe ao Goberno do Estado.
2. Informar sobre a delimitación das demarcacións territoriais dos órganos xudiciais das Canarias, así como a súa capitalidade, nos termos que fixe a lexislación estatal. Para tal efecto, teranse en conta, entre outros criterios, as peculiares características xeográficas das Canarias derivadas da insularidade, así como a densidade poboacional e a proximidade aos municipios de especial actividade turística.
3. A Comunidade Autónoma de Canarias, cando corresponda e tomando en consideración o especial custo da insularidade e os principios dunha xustiza sen dilacións indebidas e próxima á cidadanía, asignará os medios persoais, materiais e demais recursos aos xulgados e tribunais das Canarias.
4. Os poderes públicos, no ámbito das súas competencias e en coordinación coa Comunidade Autónoma de Canarias, terán en conta o custo da insularidade na organización e no funcionamento dos xulgados e tribunais nas Canarias.

Artigo 86. *Oposicións e concursos.*

O Goberno de Canarias propón ao Goberno do Estado ou ao Consello Xeral do Poder Xudicial, segundo corresponda, a convocatoria de oposicións e concursos para cubrir as prazas vacantes de maxistrados, xuíces e fiscais nas Canarias.

Artigo 87. *Persoal non xudicial.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a regulación do réxime do persoal non xudicial ao servizo da Administración de xustiza, respectando o estatuto xurídico dese persoal establecido pola Lei orgánica do poder xudicial. Nos ditos termos, esta competencia da Comunidade Autónoma de Canarias inclúe a regulación:

- a) Da formación inicial e da formación continuada.
- b) Do réxime de retribucións complementarias variables.
- c) Da xornada laboral e do horario de traballo.
- d) Da ordenación da actividade profesional.
- e) Do rexistro de persoal.

2. Nos mesmos termos, corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia executiva e de xestión en materia de persoal non xudicial ao servizo da Administración de xustiza. Esta competencia inclúe:

- a) Elaborar e aprobar as relacións iniciais de postos de traballo.
- b) Propor a oferta pública de emprego do seu ámbito competencial.
- c) Impartir a formación inicial e continuada.
- d) Convocar e resolver os procedementos de provisión de postos de traballo do seu ámbito.
- e) Xestionar o Rexistro de Persoal, coordinado co estatal.
- f) Efectuar a xestión deste persoal en aplicación do seu réxime estatutario e retributivo.
- g) Exercer a potestade disciplinaria e impor as sancións que proceda, salvo a separación do servizo.

h) Exercer todas as demais funcións que sexan necesarias para garantir unha xestión eficaz e eficiente dos recursos humanos ao servizo da Administración de xustiza.

3. A Comunidade Autónoma de Canarias dispón de competencia sobre o persoal laboral ao servizo da Administración de xustiza, sen prexuízo da competencia do Estado respecto á Administración de xustiza e da lexislación laboral.

Artigo 88. *Medios materiais.*

Corresponden á Comunidade Autónoma de Canarias os medios materiais da Administración de xustiza nas Canarias. Esta competencia inclúe, en todo caso:

- a) A construción e a reforma dos edificios xudiciais e da fiscalía.
- b) A provisión de bens mobles e servizos para as dependencias xudiciais e fiscais.
- c) A configuración, a implantación e o mantemento de sistemas informáticos e de comunicación, sen prexuízo das competencias de coordinación e homologación que corresponden ao Estado para garantir a compatibilidade do sistema.
- d) A xestión e a custodia dos arquivos, das pezas de convicción e dos efectos intervidos, de acordo coas leis.
- e) A participación na xestión das contas de depósitos e consignacións xudiciais e dos seus rendementos, tendo en conta o volume da actividade xudicial desenvolvida na Comunidade Autónoma e o custo efectivo dos servizos.
- f) A xestión, a liquidación e a recadación das taxas xudiciais que estableza a Comunidade Autónoma de Canarias no ámbito das súas competencias sobre Administración de xustiza.

Artigo 89. *Oficina xudicial.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias, de acordo coa Lei orgánica do poder xudicial, determinar a creación, o deseño, a organización, a dotación e a xestión das oficinas xudiciais e dos órganos e servizos de apoio aos órganos xudiciais, incluída a regulación das institucións, dos institutos e dos servizos de medicina forense e de toxicoloxía.

Artigo 90. *Xustiza gratuíta.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia para ordenar os servizos de xustiza gratuíta e de orientación xurídica gratuíta.

Artigo 91. *Demarcación e planta xudiciais.*

1. O Goberno da Comunidade Autónoma de Canarias, ao menos cada cinco anos, logo de informe do Consello de Xustiza de Canarias, poderá propor ao Goberno do Estado a determinación e a revisión da demarcación e a planta xudiciais nas Canarias. Esta proposta, que é preceptiva, deberase achegar co proxecto de lei que o Goberno envíe ás Cortes Xerais. Igualmente, informará sobre a delimitación das demarcacións territoriais dos órganos xudiciais, así como da súa capitalidade, nos termos establecidos na lexislación do Estado.

2. As modificacións da planta xudicial que non comporten reforma lexislativa poderán corresponder ao Goberno da Comunidade Autónoma de Canarias. Así mesmo, a Comunidade Autónoma de Canarias poderá crear seccións e xulgados por delegación do Goberno do Estado, nos termos previstos pola Lei orgánica do poder xudicial.

3. A capitalidade das demarcacións xudiciais fíxase mediante lei do Parlamento de Canarias.

Artigo 92. *Xustiza de paz e de proximidade.*

1. A Comunidade Autónoma de Canarias ten competencia sobre a xustiza de paz nos termos que estableza a Lei orgánica do poder xudicial. A Comunidade Autónoma de Canarias tamén se fai cargo das súas indemnizacións e é a competente para a provisión dos medios necesarios para o exercicio das súas funcións. Correspóndelle tamén a creación das secretarías e a súa provisión.

2. A Comunidade Autónoma de Canarias, nas localidades que se determine e de acordo co establecido pola Lei orgánica do poder xudicial, poderá instar o establecemento dun sistema de xustiza de proximidade que teña por obxectivo resolver conflitos menores con celeridade e eficacia.

Artigo 93. *Solución extraxudicial de conflitos.*

A Comunidade Autónoma de Canarias impulsará os instrumentos e procedementos de mediación, arbitraje e conciliación na resolución de conflitos nas materias da súa competencia.

TÍTULO V

Das competencias

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 94. *Clases de competencias.*

1. A Comunidade Autónoma de Canarias exercerá as competencias exclusivas, as competencias de desenvolvemento lexislativo e de execución e as competencias executivas previstas no presente título, respectando o disposto na Constitución española e no presente estatuto de autonomía.

2. No ámbito das competencias que se lle atribúen no presente estatuto, corresponden á Comunidade Autónoma de Canarias as potestades, facultades e funcións expresamente recollidas nel, así como todas aquelas que, pola súa natureza, resulten inherentes para o seu pleno exercicio.

Artigo 95. *Competencias exclusivas.*

1. No ámbito das súas competencias exclusivas, a Comunidade Autónoma de Canarias exerce, de forma íntegra, a potestade lexislativa, a potestade regulamentaria e a función executiva, sen prexuízo da concorrencia doutros títulos competenciais do Estado.

2. No exercicio destas competencias exclusivas, a Comunidade Autónoma de Canarias pode desenvolver políticas propias nas materias afectadas, de acordo cos principios e dereitos previstos no presente estatuto.

Artigo 96. *Competencias de desenvolvemento lexislativo e de execución.*

1. Nas competencias de desenvolvemento lexislativo e de execución, corresponden á Comunidade Autónoma de Canarias a potestade lexislativa, a potestade regulamentaria e a función executiva, no marco das bases que fixe o Estado.

2. No exercicio destas competencias, a Comunidade Autónoma de Canarias pode establecer políticas propias, de acordo cos principios e dereitos previstos no presente Estatuto.

Artigo 97. *Competencias executivas.*

No ámbito das súas competencias executivas, corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias:

- a) A función executiva, que inclúe, en todo caso, a potestade de organización da súa propia administración, así como as potestades de inspección e de sanción e, en xeral, todas aquelas funcións e actividades que o ordenamento atribúe á Administración pública.
- b) A potestade regulamentaria, que comprende a aprobación de regulamentos internos de organización dos servizos.

Artigo 98. *Principio de prevalencia.*

O dereito propio das Canarias en materia de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma é aplicable no seu territorio con preferencia a calquera outro.

Artigo 99. *Principio de territorialidade.*

O exercicio das competencias autonómicas despregará a súa eficacia no territorio das Canarias, sen prexuízo, de ser o caso, dos eventuais efectos que por razón da competencia exercida poida ter fóra do seu territorio.

Artigo 100. *Atribución de materias de competencia estatal.*

1. A Comunidade Autónoma de Canarias exercerá as competencias non recollidas expresamente neste estatuto nas materias que lle sexan transferidas ou delegadas polo Estado.
2. A Comunidade Autónoma de Canarias poderá exercer actividades de inspección e sanción respecto a materias de competencia estatal, nos termos que se establezan mediante convenio ou acordo co Estado.

Artigo 101. *Modulación da normativa estatal por razón da condición ultraperiférica das Canarias.*

A normativa que dite o Estado no exercicio das súas competencias, sexan exclusivas ou compartidas, terá en conta as singularidades derivadas do carácter ultraperiférico das Canarias recoñecidas pola Unión Europea.

Artigo 102. *Fomento.*

1. Nas materias da súa competencia, corresponde á Comunidade Autónoma o exercicio da actividade de fomento, para cuxos efectos poderá outorgar subvencións con cargo a fondos propios, e regulará ou, de ser o caso, desenvolverá os obxectivos e requisitos de outorgamento xestionando a súa tramitación e concesión.
2. No caso das competencias exclusivas, a Comunidade Autónoma especificará os obxectivos a que se destinen as subvencións territorializables da Administración central e as da Unión Europea, así como a regulación das condicións de outorgamento e a xestión da súa tramitación e concesión. Nas competencias compartidas, a Comunidade Autónoma precisará os obxectivos das subvencións territorializables da Administración central e da Unión Europea, completando as condicións de outorgamento e asumindo toda a xestión, incluídas a tramitación e a concesión. Nas competencias executivas, corresponderá á Comunidade Autónoma a xestión das subvencións territorializables, que inclúe a súa tramitación e concesión.
3. A Comunidade Autónoma participa, nos termos que fixe o Estado, na determinación do carácter non territorializable das subvencións estatais e comunitarias e na súa xestión e tramitación.

CAPÍTULO II

Materias institucionais e administrativasArtigo 103. *Organización territorial.*

No marco da lexislación básica estatal, corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia sobre a determinación, creación, modificación e supresión das entidades locais que configuran a organización territorial das Canarias, así como o desenvolvemento das previsións do título III do presente estatuto, respectando a garantía institucional establecida nos artigos 140 e 141 da Constitución.

Artigo 104. *Organización da Administración da Comunidade Autónoma de Canarias.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva para establecer a organización e o réxime de funcionamento da súa Administración, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.18 da Constitución. Esta competencia inclúe, en todo caso, a facultade para crear, modificar e suprimir os órganos, unidades administrativas e as entidades que a configuran ou que dependen dela.

Artigo 105. *Réxime territorial.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia de desenvolvemento lexislativo e de execución en materia de réxime local, que inclúe, en todo caso:

- a) A denominación oficial, a capitalidade, os símbolos e os topónimos das entidades locais.
- b) A regulación da organización, o réxime xurídico e o funcionamento dos cabidos insulares, nos termos do título III do presente estatuto.
- c) A determinación dos órganos de goberno dos entes locais creados pola Comunidade Autónoma e o funcionamento e réxime de adopción de acordos destes órganos.
- d) O réxime dos órganos complementarios dos entes locais.
- e) A fixación das competencias e das potestades propias dos entes locais, de conformidade co previsto no presente estatuto.
- f) O réxime dos bens de dominio público, comunais e patrimoniais e as modalidades de prestación dos servizos públicos.
- g) A regulación do réxime electoral dos entes locais creados pola Comunidade Autónoma de Canarias.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia de desenvolvemento lexislativo e de execución para regular os principios que rexen as relacións entre as institucións autonómicas, insulares e locais, atendendo sempre á cohesión territorial do arquipélago, así como as técnicas de organización e de relación para a cooperación e a colaboración entre elas, incluídas as distintas formas asociativas, de mancomunación, convencionais e consorciais.

3. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia de desenvolvemento lexislativo e de execución en materia de facenda pública e tutela financeira das illas, dos municipios e dos entes locais que se poidan crear con respecto á súa autonomía.

Artigo 106. *Réxime xurídico, procedemento, contratación, expropiación e responsabilidade das administracións públicas canarias.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia en materia de réxime xurídico e procedemento das administracións públicas canarias, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución. Esta competencia inclúe, en todo caso:

a) O establecemento dos medios necesarios para exercer as funcións administrativas, incluída a regulación do réxime dos bens de dominio público e dos patrimoniais da súa titularidade.

b) As potestades de control, inspección e sanción en todos os ámbitos materiais de competencia da Comunidade Autónoma de Canarias.

c) A aprobación das normas de procedemento administrativo que deriven das particularidades do dereito substantivo das Canarias ou das especialidades da organización da Administración pública canaria.

d) O establecemento do réxime de precedencias e protocolo das súas propias autoridades e órganos.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias, con respecto ao disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución, o exercicio das súas competencias en materia de:

a) Procedemento administrativo común.

b) Expropiación forzosa.

c) Contratos e concesións administrativas.

d) Responsabilidade administrativa.

3. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias o desenvolvemento lexislativo da lexislación básica do Estado en materia de contratación, en relación coa inclusión de cláusulas de carácter social e ambiental, establecendo unhas previsións mínimas que os órganos de contratación do sector público canario deben incorporar obrigatoriamente.

Artigo 107. Función pública e persoal ao servizo das administracións públicas das Canarias.

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia de desenvolvemento lexislativo e de execución en materia de función pública e persoal ao servizo das administracións públicas canarias, co obxectivo de garantir a plenitude dos principios de mérito e capacidade no ingreso e na provisión de prazas e empregos. Esta competencia inclúe, en todo caso:

a) O réxime estatutario do persoal funcionario da Comunidade Autónoma e da súa Administración local.

b) A regulación das especialidades do persoal laboral derivadas da organización administrativa e a formación deste.

c) A planificación, a organización xeral, a formación, a promoción profesional e a acción social en todos os sectores materiais de prestación dos servizos públicos da Comunidade Autónoma.

Artigo 108. Participación cidadá.

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva para regular:

a) O réxime xurídico, as modalidades, o procedemento, a realización e a convocatoria por ela mesma ou polos entes locais, no ámbito das súas competencias, de enquisas, audiencias públicas, foros de participación e calquera outro instrumento análogo de consulta popular, coa excepción do referendo.

b) Os procedementos de relación entre as entidades locais e a poboación, respectando a autonomía local.

Artigo 109. Corporacións de dereito público.

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de colexios profesionais, cámaras oficiais, academias para o fomento e difusión das artes, das ciencias e das letras, consellos reguladores, confrarías de pescadores e

demais corporacións de dereito público que radiquen nas Canarias, respectando o disposto nos artigos 36, 52, 139 e 149.1.18.^a da Constitución. Esta competencia inclúe, en todo caso:

a) A regulación da súa constitución, agrupación e extinción, organización e funcionamento, atribucións, réxime económico, financeiro e orzamentario, dereitos e deberes, réxime electoral e réxime disciplinario.

b) O control administrativo, que abrangue as funcións de promoción do comercio exterior que poidan realizar as cámaras oficiais.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia de desenvolvemento legislativo e de execución para a definición das corporacións de dereito público previstas no punto anterior e a determinación dos requisitos para a súa creación, así como para obter a condición de membro delas.

Artigo 110. *Asociacións e fundacións.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de asociacións que desenvolvan, maioritariamente, as súas funcións no territorio das Canarias, respectando o disposto nos artigos 149.1.1.^a e 149.1.8.^a da Constitución española. Esta competencia inclúe, en todo caso:

a) A regulación da constitución, réxime de responsabilidade, extinción e disolución, organización e funcionamento interno, así como dereitos e deberes dos asociados.

b) A determinación e o réxime de aplicación dos beneficios fiscais das asociacións, no ámbito da capacidade normativa tributaria asumida pola Comunidade Autónoma de Canarias.

c) A declaración de utilidade pública das asociacións, así como o contido e os requisitos para a súa obtención.

d) A regulación e a xestión do Rexistro de Asociacións de Canarias.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva sobre o réxime xurídico das fundacións que desenvolvan, maioritariamente, as súas funcións no territorio das Canarias, no marco da lexislación procesual, civil e tributaria do Estado. Esta competencia inclúe, en todo caso:

a) A regulación das modalidades, a súa denominación, os fins e os beneficiarios da finalidade fundacional, a capacidade para fundar, os requisitos de constitución, modificación, extinción e liquidación, os estatutos, a dotación e o réxime da fundación en proceso de formación, o padroado e o protectorado, así como o patrimonio e o réxime económico e financeiro.

b) A determinación e o réxime de aplicación dos beneficios fiscais das fundacións, no ámbito da capacidade normativa tributaria asumida pola Comunidade Autónoma de Canarias.

c) A regulación e a xestión do Rexistro de Fundacións de Canarias.

3. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva para fixar os criterios, regular as condicións e a execución, o control, a inspección e sanción dos beneficios fiscais e as axudas públicas recoñecidas pola lexislación canaria ás asociacións e fundacións que radiquen no seu territorio.

Artigo 111. *Notariado e rexistros públicos.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia executiva sobre:

1. O nomeamento de notarios e rexistradores e o establecemento de demarcacións notariais e rexistrais, así como a participación, mediante informe preceptivo, na fixación dos criterios xerais por parte do Estado para tal establecemento.

2. O Rexistro Civil.
3. O arquivo de protocolos notariais e libros de rexistradores da propiedade, mercantís e civís.

Artigo 112. *Relacións con entidades relixiosas.*

1. A Comunidade Autónoma de Canarias poderá establecer mecanismos de colaboración e cooperación coas entidades relixiosas legalmente recoñecidas que leven a súa actividade no ámbito territorial das Canarias, no marco establecido pola lexislación estatal.

2. A Comunidade Autónoma de Canarias poderá participar na xestión do Rexistro Estatal de Entidades Relixiosas, con relación ás igrexas, ás confesións e ás comunidades relixiosas que leven a cabo a súa actividade no territorio das Canarias, nos termos que determinen as leis.

Artigo 113. *Protección de datos.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia sobre protección de datos de carácter persoal naquelas materias en que posúe un título competencial, respectando a reserva de lei orgánica e o artigo 149.1.1.^a da Constitución.

CAPÍTULO III

Económico-financeiras

Artigo 114. *Planificación, ordenación e promoción da actividade económica.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de planificación e promoción da actividade económica nas Canarias, sen prexuízo do establecido nos artigos 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución.

2. Corresponden á Comunidade Autónoma de Canarias as competencias de desenvolvemento lexislativo e de execución en materia de ordenación da actividade económica nas Canarias.

3. Corresponden á Comunidade Autónoma de Canarias o desenvolvemento e a xestión da planificación xeral da actividade económica. Esta competencia inclúe, en todo caso:

- a) O desenvolvemento dos plans estatais.
- b) A participación na planificación estatal a través dos mecanismos previstos no presente estatuto.
- c) A xestión dos plans, incluídos os fondos e os recursos de orixe estatal destinados ao fomento da actividade económica nos termos que se establezan mediante convenio.

Artigo 115. *Atribución á Comunidade Autónoma de Canarias de competencias normativas no imposto xeral indirecto canario e no arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias.*

A Comunidade Autónoma de Canarias disporá de competencias normativas no imposto xeral indirecto canario e no arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias co alcance e coas condicións establecidas na lexislación aplicable e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 116. *Caixas de aforro e entidades cooperativas de créditos.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias, en materia de caixas de aforro e entidades cooperativas de crédito con domicilio nas Canarias, a competencia exclusiva sobre a regulación da súa organización, respectando o establecido polo Estado

no exercicio das competencias que lle atribúen os artigos 149.1.11.^a e 149.1.13.^a da Constitución. Esta competencia inclúe, en todo caso:

- a) A determinación dos seus órganos reitores e da forma en que os distintos intereses sociais deben estar representados.
- b) O estatuto xurídico dos membros dos órganos reitores e dos demais cargos das caixas de aforro.
- c) O réxime xurídico da creación, a fusión, a liquidación e o rexistro.
- d) O exercicio das potestades administrativas con relación ás fundacións que creen.
- e) A regulación das agrupacións de caixas de aforro e entidades cooperativas de crédito con sede social nas Canarias.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias, en materia de caixas de aforro e entidades cooperativas de crédito con domicilio nas Canarias, a competencia de desenvolvemento legislativo e execución sobre a actividade financeira, de acordo co que establezan as bases estatais, que inclúe en todo caso a regulación da distribución dos excedentes e da obra social. Así mesmo, a Comunidade Autónoma de Canarias efectuará o seguimento do proceso de emisión e distribución de cotas participativas, con excepción dos aspectos relativos ao réxime de ofertas públicas de venda ou subscripción de valores e admisión a negociación, á estabilidade financeira e á solvencia.

3. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias, en materia de caixas de aforro e entidades cooperativas de crédito con domicilio no arquipélago, a competencia de desenvolvemento legislativo e execución sobre disciplina, inspección e sanción das caixas. Esta competencia inclúe, en todo caso, o establecemento de infraccións e sancións adicionais en materias da súa competencia.

4. A Comunidade Autónoma de Canarias, de acordo co establecido na lexislación estatal, colabora nas actividades de inspección e sanción que o Goberno do Estado e o Banco de España exercen sobre as caixas de aforro e entidades cooperativas de crédito con domicilio no arquipélago.

Artigo 117. *Crédito, banca, seguros e mutualidades non integradas no sistema de Seguridade Social.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia de desenvolvemento legislativo e de execución en materia de ordenación do crédito, banca, seguros, mutualidades e xestoras de plans de pensións non integradas na Seguridade Social.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva sobre a estrutura, a organización e o funcionamento das mutualidades de previsión social non integradas no sistema de Seguridade Social.

3. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia de desenvolvemento legislativo e execución sobre a estrutura, a organización, o funcionamento e a actividade das entidades de crédito distintas das caixas de aforro e entidades cooperativas de crédito, das entidades xestoras de plans e fondos de pensións, dos operadores e entidades que actúan no mercado asegurador a que non fai referencia o punto 2, de acordo coas bases estatais.

No exercicio desta competencia, a Administración autonómica poderá exercer as potestades de inspección e sanción.

Artigo 118. *Cooperativas e economía social.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias, conforme a lexislación mercantil, a competencia exclusiva en materia de cooperativas e de entidades de economía social.

2. A regulación e o fomento do cooperativismo inclúen a regulación do asociacionismo cooperativo, o ensino e a formación cooperativos, e a fixación dos criterios, a regulación das condicións, a execución e o control das axudas públicas ao mundo cooperativo.

3. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva sobre o fomento e a ordenación do sector da economía social, respectando o disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española.

Artigo 119. *Mercados de valores e centros de contratación.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia compartida en materia de mercados de valores e centros de contratación situados nas Canarias, de acordo coa lexislación mercantil. Esta competencia inclúe, en todo caso:

- a) A creación, a denominación, a autorización e a supervisión dos mercados de valores e dos sistemas organizados de negociación.
- b) A regulación e as medidas administrativas de execución sobre organización, funcionamento, disciplina e réxime sancionador das sociedades reitoras de mercados de valores.
- c) O control da emisión, a admisión, a suspensión, a exclusión e o establecemento de requisitos adicionais de admisión dos valores que se negocian exclusivamente nestes mercados, así como a inspección e o control.
- d) A acreditación das persoas e das entidades para ser membros destes mercados.

Artigo 120. *Promoción e defensa da competencia.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de promoción da competencia nos mercados respecto das actividades económicas que se exercen principalmente nas Canarias.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia executiva en materia de defensa da competencia no exercicio das actividades económicas que alteren ou poidan alterar a libre competencia do mercado nun ámbito que non supere o territorio do arquipélago. Esta competencia inclúe, en todo caso:

- a) A execución de medidas relativas aos procesos económicos que afecten a competencia.
- b) A inspección e execución do procedemento sancionador.
- c) A defensa da competencia no exercicio da actividade comercial.

3. Para garantir os aspectos previstos nos puntos anteriores creárase un órgano especializado de defensa da competencia con xurisdición en todo o arquipélago, cuxa actividade se coordinará cos previstos no ámbito estatal e comunitario europeo.

Artigo 121. *Consumo.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de consumo, que inclúe, en todo caso, a defensa, de conformidade coa lexislación mercantil, procesual e civil, dos dereitos dos consumidores e usuarios, o establecementos e a aplicación dos procedementos administrativos de queixa e reclamación, o sistema de mediación, a regulación da formación, información e divulgación en materia de consumo responsable e hábitos saudables, así como o das asociacións que se poidan crear neste ámbito.

Artigo 122. *Estatística.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva sobre estatística para os seus propios fins, a planificación estatística, a creación, a xestión e a organización dun sistema estatístico propio que incluírá a análise masiva de datos e a revisión continua dos indicadores sociais e económicos.

2. A Comunidade Autónoma de Canarias participará e colaborará co Estado e coas demais comunidades autónomas na elaboración de estatísticas de alcance supraautonómico.

Artigo 123. *Publicidade.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de publicidade, sen prexuízo da lexislación do Estado.

CAPÍTULO IV

Actividades industriais, comerciais e turísticas

Artigo 124. *Industria, artesanía, control metrolóxico e contraste de metais.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de industria, salvo o establecido no punto 2 e sen prexuízo das que corresponden ao Estado. Esta competencia inclúe, en todo caso:

- a) A ordenación dos sectores e dos procesos industriais nas Canarias.
- b) A seguridade das actividades, das instalacións, dos equipamentos, dos procesos e dos produtos industriais.
- c) A regulación das actividades industriais que poidan producir impacto na seguridade ou saúde das persoas.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia de desenvolvemento lexislativo e execución sobre a planificación industrial, no marco da planificación xeral da economía.

3. A Comunidade Autónoma de Canarias asume competencias de desenvolvemento normativo e execución en materia de réxime das novas tecnoloxías relacionadas coa sociedade da información e do coñecemento, no marco da lexislación do Estado.

4. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de artesanía. Esta competencia inclúe, en todo caso:

- a) A regulación, a planificación, o fomento, a promoción, o desenvolvemento, a investigación e innovación, a inspección e a sanción da actividade artesá.
- b) A recuperación, a defensa, a conservación e a difusión das manifestacións artesanais propias da Comunidade Autónoma de Canarias, garantindo a pervivencia daquelas que estean en perigo de desaparición.
- c) O establecemento de medidas fiscais de incentivación das actividades artesanais en que a Comunidade Autónoma de Canarias teña competencias normativas.

5. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia executiva en materia de control metrolóxico e contraste de metais.

Artigo 125. *Propiedade intelectual e industrial.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia executiva en materia de propiedade intelectual e industrial, que inclúe, en todo caso, as funcións de inspección, vixilancia e control na materia.

Artigo 126. *Comercio interior e feiras non internacionais.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de comercio e feiras, que inclúe a ordenación da actividade comercial e da actividade feiral non internacional. En todo caso, esta competencia comprende:

- a) A determinación das condicións administrativas para exercer a actividade comercial, a dos lugares e dos establecementos onde se leve a cabo.
- b) A regulación administrativa de todas as modalidades de venda, incluídas as vendas promocionais e a venda a perda, así como as formas e os medios de prestación da

actividade comercial, incluído o comercio electrónico, sen prexuízo neste caso do previsto na lexislación do Estado.

c) A regulación dos calendarios e horarios comerciais, respectando no seu exercicio o principio constitucional de unidade de mercado.

d) A clasificación e a planificación territorial dos equipamentos comerciais e a regulación dos requisitos e do réxime de instalación, ampliación e cambio de actividade dos establecementos.

e) O desenvolvemento e a execución das normas e estándares de calidade relacionados coa actividade comercial.

f) A adopción de medidas de policía administrativa con relación á disciplina de mercado.

Artigo 127. *Comercio exterior e feiras internacionais.*

1. En razón da súa condición de rexión ultraperiférica, a Comunidade Autónoma de Canarias participará, a través de fórmulas de cooperación e colaboración co Estado, en materia de comercio exterior con África e países de América con vinculacións históricas coas Canarias. Esta competencia comprende, en todo caso:

a) A facultade de desenvolver programas de formación comercial; fomentar a constitución de sociedades e consorcios de exportación; apoiar a asistencia a feiras no exterior e viaxes de promoción comercial; prestar servizos desde o territorio canario; prestar asesoramento nos plans de promoción que favorezan as relacións comerciais e outras iniciativas de natureza similar.

b) A potestade de formular propostas na elaboración de disposicións que afecten as relacións comerciais das Canarias con estes países.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia executiva en materia de feiras internacionais que teñan lugar no arquipélago, que inclúe, en todo caso:

a) A promoción, a xestión e a coordinación.

b) A actividade inspectora, a avaliación e a rendición de contas.

c) O establecemento da regulamentación interna.

d) O nomeamento dun delegado ou delegada nos órganos de dirección de cada feira.

3. A Comunidade Autónoma de Canarias colaborará co Estado no establecemento do calendario de feiras internacionais.

Artigo 128. *Xogo e espectáculos.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de xogo, de apostas e casinos, incluídas as modalidades por medios informáticos e telemáticos, cando a actividade se desenvolva exclusivamente nas Canarias. En todo caso, esta competencia comprende:

a) A creación e a autorización de xogos e apostas e a súa regulación, así como a regulación das empresas dedicadas á xestión, á explotación e á práctica destas actividades ou que teñen por obxecto a comercialización e a distribución dos materiais relacionados co xogo en xeral.

b) A regulación e o control das características de fabricación e homologación dos materiais e instrumentos de xogo.

c) A regulación e o control dos locais, das instalacións e dos equipamentos utilizados para levar a cabo estas actividades.

d) A determinación, no marco das súas competencias, do réxime fiscal sobre a actividade de xogo das empresas que a leven a cabo.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de espectáculos e actividades recreativas, que inclúe, en todo caso, a ordenación

do sector, o réxime de intervención administrativa e o control de todo tipo de espectáculos en espazos e locais públicos.

Artigo 129. *Turismo.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de turismo, que inclúe, en todo caso:

a) A planificación do turismo, que comprende a fixación dos criterios e das condicións de crecemento e desenvolvemento da oferta turística, a programación de infraestruturas de interese xeral, así como a creación, a execución e o control das axudas públicas autonómicas dirixidas ao sector turístico, con especial atención á rehabilitación das zonas turísticas.

b) A ordenación do sector turístico, que abrangue a regulación das empresas, actividades e establecementos turísticos, a regulación dos dereitos e deberes específicos dos usuarios e dos prestadores de servizos turísticos, a implantación, a coordinación e o seguimento do sistema de información turística e a regulación do réxime de inspección e sanción, así como dos medios alternativos de resolución de conflitos.

c) A protección do espazo e dos recursos turísticos.

d) A promoción interior e exterior do turismo, en particular, a información turística, a apertura de oficinas no estranxeiro, a subscripción de acordos con entidades promocionais non españolas e a protección e fomento da imaxe turística das Canarias, sen prexuízo das competencias do Estado na materia.

e) A xestión da rede de establecementos turísticos de titularidade autonómica. Para facilitar a coordinación entre estes e os establecementos da rede de Paradores do Estado que se sitúan nas Canarias, o Goberno de Canarias poderá participar, nos termos que estableza a lexislación estatal, nos órganos de administración de Paradores de Turismo de España.

f) O ensino e a formación turísticos que non dean dereito á obtención dun título oficial, sen prexuízo da competencia en materia de formación profesional.

CAPÍTULO V

Sector primario

Artigo 130. *Agricultura, gandería, aproveitamentos forestais e desenvolvemento rural.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de agricultura e gandería, respectando o establecido polo Estado no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 149.1.13.^a, 16.^a e 23.^a da Constitución. Esta competencia inclúe, en todo caso:

a) A regulación e o desenvolvemento da agricultura, da gandería e do sector agroalimentario.

b) A regulación e a execución dos procesos de produción, con especial atención á calidade, á rastrexabilidade e ás condicións dos produtos agrícolas e gandeiros, así como a loita contra as fraudes no ámbito da produción, transformación, distribución e comercialización dos produtos e elementos para uso alimentario, sen prexuízo das competencias sobre denominacións e indicacións xeográficas e de calidade previstas no presente estatuto.

c) A regulación e mellora das explotacións e estruturas agrícolas, gandeiras e agroforestais.

d) A regulación da participación das organizacións agrarias e gandeiras en organismos públicos canarios.

e) A sanidade vexetal e animal cando non teña efectos sobre a saúde humana, e a protección e o benestar dos animais.

f) A ordenación, o desenvolvemento, o control e a certificación das sementes e dos criadeiros, especialmente todo aquilo relacionado cos organismos xeneticamente modificados.

g) A investigación, o desenvolvemento, a transferencia tecnolóxica agrícola, gandeira, forestal e agroalimentaria; a innovación das industrias agroalimentarias e das explotacións agrarias, e a formación nestas materias.

h) As feiras e os certames agrícolas, gandeiros, agroalimentarios e forestais.

i) O desenvolvemento integral e sustentable do medio rural.

j) A regulación e fomento da produción e o uso da biomasa.

k) A recuperación, conservación e promoción dos cultivos autóctonos das Canarias.

l) A promoción da produción integrada e ecolóxica.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia de desenvolvemento legislativo e de execución sobre:

a) A planificación da agricultura e da gandaría e do sector agroalimentario.

b) A regulación e o réxime de intervención administrativa e de usos dos montes, dos aproveitamentos e servizos forestais e das vías pecuarias das Canarias.

Artigo 131. Caza, pesca, actividades marítimas e ordenación do sector pesqueiro.

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de caza, que inclúe, en todo caso, a planificación, a regulación e a vixilancia, así como a fixación do réxime de aproveitamento dos recursos cinexéticos.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias, nas augas canarias definidas conforme establece o artigo 4 do presente estatuto, de acordo coa lexislación estatal, a competencia en materia:

a) De ordenación do sector pesqueiro e recreativo.

b) De fomento das actividades de investigación, de desenvolvemento e de innovación e transferencia de tecnoloxías pesqueiras que favorezan o aproveitamento racional e sustentable, a conservación dos recursos mariños, así como a mellora da calidade de vida do sector pesqueiro.

3. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia en materia de actividades nos espazos marítimos definidos no artigo 4 deste estatuto, que inclúe, en todo caso:

a) A planificación, a ordenación e a xestión do marisqueo e da acuicultura, así como das instalacións destinadas a estas actividades.

b) A planificación, a ordenación, a xestión, a formación e as titulacións en materia de actividades de recreo e ecoturismo, incluído o mergullo profesional.

4. A Comunidade Autónoma de Canarias, sen prexuízo das que poidan corresponder ao Estado, ten a competencia exclusiva en augas interiores para delimitar e declarar zonas protexidas de interese pesqueiro, así como para establecer zonas de especial interese para o marisqueo, a acuicultura e actividades de recreo, deportivas e ecoturísticas.

5. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de vixilancia, inspección e control das actividades reguladas nos puntos anteriores.

6. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia de desenvolvemento legislativo e de execución sobre a ordenación do sector pesqueiro. Esta competencia inclúe, sen prexuízo das que poidan corresponder ao Estado, o desenvolvemento e a adopción de medidas de execución acerca das condicións profesionais dos pescadores e outros suxeitos relacionados co sector, construción de buques, medidas de seguridade, rexistros oficiais, confrarías de pescadores, lonxas de contratación e outras similares.

Artigo 132. *Denominacións de orixe e indicacións xeográficas e de calidade.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva sobre denominacións de orixe e outras mencións de calidade, respectando o disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución. Esta competencia inclúe, en todo caso:

- a) A regulación da súa creación e funcionamento.
- b) O réxime da súa titularidade, respectando a lexislación de propiedade industrial.
- c) O recoñecemento das denominacións de orixe e indicacións xeográficas, de calidade e de produción ecolóxica.
- d) A aprobación das súas normas reguladoras.
- e) As facultades administrativas de xestión e control sobre a súa actuación.
- f) A adopción das medidas necesarias para protexer as mencións de calidade recoñecidas pola propia Comunidade Autónoma.
- g) A promoción no mercado interior dos produtos agroalimentarios canarios de calidade diferenciada.

2. A Comunidade Autónoma de Canarias colaborará coas autoridades e institucións nacionais e internacionais na defensa e promoción das mencións de calidade canarias.

CAPÍTULO VI

Educación, investigación, cultura e deporte

Artigo 133. *Educación.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia de desenvolvemento lexislativo e de execución en materia de ensino non universitario, con relación ás ensinanzas obrigatorias e non obrigatorias que conducen á obtención dun título académico ou profesional con validez en todo o Estado e ás ensinanzas de educación infantil, deixando a salvo o disposto nos artigos 27 e 149.1.30.^a da Constitución. Esta competencia inclúe, en todo caso:

- a) A determinación dos contidos educativos do primeiro ciclo da educación infantil e a regulación dos centros en que se imparta o dito ciclo, así como a definición dos seus cadros de profesorado e das titulacións e especializacións do persoal restante.
- b) A creación, o desenvolvemento organizativo e o réxime dos centros públicos.
- c) Os servizos educativos e as actividades extraescolares e complementarias con relación aos centros docentes públicos e aos privados sostidos con fondos públicos ou concertados.
- d) A formación permanente e o perfeccionamento do persoal docente e dos demais profesionais da educación, así como a aprobación de directrices de actuación en materia de recursos humanos.
- e) A regulación dos órganos de participación e consulta dos sectores afectados na programación do ensino no seu territorio.
- f) O réxime de fomento do estudo, de bolsas e de axudas con fondos propios.
- g) A organización das ensinanzas en réxime non presencial ou semipresencial dirixidas ao alumnado de idade superior á de escolarización obrigatoria.
- h) A inspección, a avaliación e a garantía da calidade do sistema educativo, así como a innovación, a investigación e a experimentación educativas.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias, en materia de ensino non universitario, a competencia exclusiva sobre as ensinanzas postobrigatorias que non conduzan á obtención de título ou certificación académica ou profesional con validez en todo o Estado, e sobre os centros docentes en que se impartan estas ensinanzas.

3. No non regulado no punto 1 anterior e en relación coas ensinanzas que nel se mencionan, corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia de desenvolvemento lexislativo e de execución, que inclúe, en todo caso:

- a) A programación do ensino, a súa definición e a avaliación do sistema educativo.
- b) A ordenación do sector do ensino e da actividade docente e educativa.
- c) O establecemento dos correspondentes plans de estudo, incluída a ordenación curricular.
- d) O réxime de fomento do estudo, de bolsas e de axudas estatais.
- e) O establecemento e a regulación dos criterios de acceso á educación, de admisión e de escolarización do alumnado nos centros docentes.
- f) O réxime de sostemento, con fondos públicos, das ensinanzas do sistema educativo e dos centros que as imparten.
- g) Os requisitos e condicións dos centros docentes e educativos.
- h) A organización dos centros públicos e privados sostidos con fondos públicos ou concertados.
- i) O control da xestión dos centros docentes públicos e dos privados sostidos con fondos públicos ou concertados.
- j) O desenvolvemento dos dereitos e deberes básicos do funcionario docente, así como a política de persoal ao servizo da Administración educativa das Canarias.

4. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias, en materia de ensino non universitario, a competencia executiva sobre a expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais estatais.

5. A competencia da Comunidade Autónoma de Canarias comprende, de acordo coa lexislación estatal, o establecemento dos procedementos e organismos que permitan a avaliación da calidade da educación, así como a do investimento dos poderes públicos, para alcanzar un sistema educativo de calidade.

Artigo 134. *Universidades.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias, respectando a autonomía universitaria, a competencia de desenvolvemento lexislativo e de execución en materia de ensino universitario, que inclúe, en todo caso:

- a) A regulación dos requisitos para a creación e o recoñecemento de universidades e centros universitarios e a adscrición destes centros ás universidades.
- b) O réxime xurídico da organización e o funcionamento das universidades públicas, incluídos os órganos de goberno e representación.
- c) A adscrición, readscrición e desadscrición, de ser o caso, de centros docentes públicos ou privados para impartir títulos universitarios oficiais.
- d) A creación, modificación e supresión de centros universitarios en universidades públicas ou o recoñecemento en universidades privadas, así como a implantación e a supresión de ensinanzas.
- e) A regulación do réxime de acceso ás universidades.
- f) A regulación do réxime do profesorado docente e investigador contratado.
- g) A avaliación e garantía da calidade e da excelencia do ensino universitario, así como do persoal docente e investigador.

2. No marco do establecido no punto anterior, a Comunidade Autónoma de Canarias poderá:

- a) Programar e coordinar o sistema universitario canario.
- b) Crear universidades públicas e autorizar as privadas.
- c) Aprobar os estatutos das universidades públicas e das normas de organización e funcionamento das universidades privadas.
- d) Coordinar os procedementos de acceso ás universidades.
- e) Regular o marco xurídico dos títulos propios das universidades.
- f) Financiar con fondos propios as universidades e xestionar, se procede, os fondos aprobados polo Estado.
- g) Regular e xestionar o sistema propio de bolsas e axudas á formación universitaria e, de ser o caso, as bolsas e axudas estatais.

h) Aprobar o réxime retributivo do persoal docente e investigador contratado das universidades e as retribucións adicionais do persoal docente funcionario.

3. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia executiva de expedición dos títulos universitarios oficiais.

Artigo 135. *Investigación, desenvolvemento e innovación científica e tecnolóxica.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de investigación, desenvolvemento e innovación científica e tecnolóxica con relación aos seus propios centros e estruturas de investigación, que inclúe, en todo caso:

a) A súa creación, organización, réxime de funcionamento, seguimento, control e acreditación.

b) O establecemento de liñas propias de investigación e o seguimento, control e avaliación dos proxectos científicos ou tecnolóxicos.

c) A regulación e xestión das bolsas e demais axudas convocadas e financiadas pola Comunidade Autónoma de Canarias.

d) A regulación e a formación profesional do persoal investigador e de apoio á investigación.

e) A difusión da ciencia e a transferencia de resultados.

f) O fomento da investigación científica, o desenvolvemento e a investigación tecnolóxica.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia de desenvolvemento legislativo e de execución en materia de coordinación dos centros e estruturas de investigación das administracións públicas canarias.

3. A Comunidade Autónoma de Canarias formulará, en colaboración co Estado, as políticas de investigación, desenvolvemento e innovación científica e tecnolóxica que sexan de especial interese para as Canarias.

Artigo 136. *Cultura.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de cultura, que comprende as actividades artísticas e culturais que se leven a cabo nas Canarias. Esta competencia inclúe, en todo caso:

a) O fomento da cultura que integra, ao menos, o fomento e a difusión da creación e a produción teatrais, musicais, da industria cinematográfica e audiovisual, literarias, da danza, e das artes combinadas que se leven a cabo nas Canarias; a promoción e a difusión do patrimonio cultural, artístico e monumental e dos centros de depósito cultural das Canarias, e a proxección internacional da cultura canaria. Así mesmo, poderá establecer medidas fiscais de incentivación das actividades culturais en que a Comunidade Autónoma de Canarias teña competencias normativas.

b) A regulación e a inspección das salas de exhibición cinematográfica e o control das empresas distribuidoras domiciliadas nas Canarias, así como a cualificación das películas e dos materiais audiovisuais que se exhiban nas Canarias, en función da idade e dos valores culturais.

c) A planificación, construción e xestión de equipamentos culturais no territorio das Canarias.

2. A Comunidade Autónoma de Canarias poderá participar nas decisións que adopte o Estado sobre investimentos nas Canarias de bens e equipamentos culturais de titularidade estatal.

3. A Comunidade Autónoma de Canarias levará a cabo a difusión internacional da súa cultura, sen prexuízo da articulación de fórmulas de colaboración entre ela e o Estado para tal fin.

4. A Comunidade Autónoma de Canarias establecerá as medidas necesarias para garantir o acceso á cultura da cidadanía considerando a fragmentación territorial do arquipélago, as desigualdades sociais, económicas ou de calquera outra índole.

Artigo 137. *Patrimonio cultural.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural, sen prexuízo do artigo 149.2 da Constitución, que en todo caso inclúe a regulación do réxime xurídico dos bens, actividades e demais manifestacións que o integran polos seus valores históricos, arquitectónicos, artísticos, arqueolóxicos, etnográficos, paleontolóxicos, científicos ou técnicos, así como os bens inmateriais da cultura popular canaria e as particularidades lingüísticas do español falado nas Canarias.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva sobre os arquivos, as bibliotecas, os museos e os centros de depósito cultural que non son de titularidade estatal, incluídos os seus diferentes fondos culturais, calquera que sexa o soporte ou a forma en que se expresen.

3. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia executiva sobre os arquivos, as bibliotecas, os museos e os centros de depósito cultural de titularidade estatal situados no arquipélago cuxa xestión non reserve expresamente o Estado para si, que inclúe, en todo caso, a regulación do funcionamento, a organización e o réxime de persoal.

4. A Comunidade Autónoma de Canarias colaborará con outras comunidades autónomas e co Estado para a xestión eficaz dos fondos propios, dentro ou fóra do arquipélago, e cos doutros territorios.

Artigo 138. *Deporte e actividades de lecer.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de deporte e actividades de lecer, que inclúe, en todo caso:

a) A ordenación, a planificación, o fomento, a promoción, a divulgación e a coordinación das actividades físicas e do deporte, con especial atención aos deportes autóctonos das Canarias.

b) A regulación, a planificación, o fomento e a coordinación das actividades de lecer que se leven a cabo no territorio da Comunidade Autónoma de Canarias.

c) A planificación territorial e a promoción dunha rede de equipamentos deportivos suficiente e racionalmente distribuída e adecuada aos criterios de sustentabilidade ambiental e accesibilidade universal.

d) O establecemento do réxime xurídico das entidades deportivas que promoven e organizan a práctica de actividades físicas e do deporte no arquipélago, así como a declaración da súa utilidade pública.

e) A regulación da formación deportiva e o fomento da tecnificación e do alto rendemento deportivo.

f) A execución do control e do seguimento médico e de saúde dos deportistas, así como o control sanitario dos equipamentos deportivos.

g) A prevención e control da violencia nos espectáculos públicos deportivos, sen prexuízo das competencias que corresponden ao Estado en materia de seguridade pública.

h) O fomento do desenvolvemento da investigación científica en materia deportiva.

i) A ordenación dos órganos de mediación en materia de deporte.

j) A regulación en materia de disciplina deportiva.

k) O desenvolvemento das medidas necesarias para garantir o acceso público ás instalacións deportivas, promocionando o dereito ao transporte e comunicación intransular e interinsular de deportistas e equipos deportivos.

CAPÍTULO VII

Emprego, sanidade e políticas sociaisArtigo 139. *Emprego e relacións laborais.*

1. Corresponden á Comunidade Autónoma de Canarias, no marco da lexislación do Estado, as competencias executivas en materia de emprego e relacións laborais, que inclúen, en todo caso:

- a) As políticas activas de emprego, que comprenderán a formación dos demandantes de emprego e dos traballadores en activo, así como a xestión das subvencións correspondentes, a intermediación laboral e o fomento do emprego.
- b) As cualificacións profesionais nas Canarias.
- c) Os procedementos de regulación de emprego e de actuación administrativa en materia de traslados colectivos entre centros de traballo situados nas Canarias.
- d) A prevención de riscos laborais e a seguridade no traballo.
- e) A determinación dos servizos mínimos das folgas que teñan lugar no ámbito territorial das Canarias, nos supostos en que tales servizos mínimos sexan responsabilidade da Comunidade Autónoma de Canarias.
- f) Os instrumentos de conciliación, mediación e arbitraje laborais.
- g) A potestade sancionadora das infraccións da orde social no ámbito das súas competencias.
- h) O control de legalidade e, se procede, o rexistro posterior dos convenios colectivos de traballo no ámbito territorial das Canarias.
- i) A elaboración do calendario de días festivos no ámbito da Comunidade Autónoma.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia executiva sobre a función pública inspectora en todo o previsto no punto anterior. Para tal efecto, os funcionarios dos corpos que realicen esa función dependerán funcionalmente da Administración pública da Comunidade Autónoma.

3. A través dos mecanismos de cooperación previstos no presente estatuto e dos recollidos na normativa xeral sobre función inspectora estableceranse as fórmulas de garantía do exercicio eficaz da función inspectora no ámbito social, e as competencias do Estado e da Comunidade Autónoma de Canarias exerceranse de forma coordinada, conforme os plans de actuación que se determinen a través dos indicados mecanismos.

Artigo 140. *Seguridade Social.*

1. Corresponden á Comunidade Autónoma de Canarias o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación estatal da Seguridade Social, agás o seu réxime económico.

2. A Comunidade Autónoma de Canarias ten competencias executivas sobre a xestión do réxime económico da Seguridade Social, con pleno respecto aos principios de unidade económico-patrimonial e solidariedade financeira da Seguridade Social.

Artigo 141. *Saúde, sanidade e farmacia.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva sobre organización, funcionamento interno, avaliación, inspección e control de centros, servizos e establecementos sanitarios.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia de desenvolvemento lexislativo e de execución da lexislación estatal en materia de sanidade interior, que inclúe, en todo caso:

- a) A ordenación, planificación, determinación, regulación e execución dos servizos e prestacións sanitarios, sociosanitarios e de saúde mental de carácter público en todos os niveis e para toda a poboación.

b) A ordenación e a execución das medidas destinadas a preservar, protexer e promover a saúde pública en todos os ámbitos, incluída a saúde laboral, a sanidade animal con efecto sobre a saúde humana, a sanidade alimentaria, a sanidade ambiental e a vixilancia epidemiolóxica.

c) O réxime estatutario e a formación do persoal que presta servizos no sistema sanitario público, así como a formación sanitaria especializada e a investigación científica en materia sanitaria.

3. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a investigación con fins terapéuticos, sen prexuízo da coordinación xeral do Estado sobre esta materia.

4. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia de desenvolvemento lexislativo e de execución en materia de ordenación farmacéutica, así como a competencia executiva da lexislación estatal en materia de produtos farmacéuticos.

5. Sen prexuízo da competencia exclusiva do Estado en materia de controis zootosanitarios en portos e aeroportos do arquipélago, estableceranse as medidas de cooperación entre a Comunidade Autónoma e o Estado no dito ámbito que garantan o nivel sanitario nas illas. Así mesmo, en materia de sanidade vexetal, acordaranse os correspondentes mecanismos de colaboración entre a Comunidade Autónoma e o Estado que permitan o mantemento do *status* fitosanitario nas illas Canarias.

6. Sen prexuízo das competencias exclusivas do Estado en materia de sanidade exterior, estableceranse as medidas de cooperación coa Comunidade Autónoma naqueles aspectos previstos polo Estado para garantir a adecuada xestión da protección da saúde da poboación.

7. A competencia da Comunidade Autónoma de Canarias comprende o establecemento dos procedementos e dos organismos que permitan a avaliación da calidade da atención sanitaria dispensada nas Canarias, así como a do gasto público sanitario, para os efectos de determinar os cambios que sexa necesario imprimir nas políticas aplicadas para alcanzar un sistema sanitario de calidade.

Artigo 142. *Servizos sociais.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de servizos sociais, que inclúe, en todo caso:

a) A regulación e a ordenación dos servizos sociais, as prestacións técnicas e económicas con finalidade asistencial ou complementaria doutros sistemas de previsión pública, así como dos plans e dos programas específicos dirixidos a persoas e colectivos en situación de pobreza ou de necesidade social.

b) O control dos sistemas privados de protección social complementaria.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias o establecemento de políticas públicas que favorezan o regreso dos canarios que emigraron, así como o dos seus descendentes.

Artigo 143. *Vivenda.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de vivenda, que inclúe, en todo caso:

a) A ordenación, planificación, xestión, fomento, protección, control de calidade, inspección e sanción en materia de vivenda, de acordo coas necesidades sociais, de equilibrio territorial e de sustentabilidade.

b) A promoción pública da vivenda, con especial atención ao patrimonio público do solo.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma, de acordo coa lexislación estatal, a regulación da función social e habitacional da vivenda.

3. No marco da lexislación básica do Estado, corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias fixar as condicións de accesibilidade dos edificios, así como as condicións para a instalación de infraestruturas comúns e para a incorporación de innovacións tecnolóxicas e de aforro enerxético, en condicións de sustentabilidade.

Artigo 144. *Inmigración.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias en materia de inmigración, sen prexuízo das competencias constitucionalmente atribuídas ao Estado sobre a materia:

- a) A competencia exclusiva na atención sociosanitaria e de orientación dos inmigrantes non comunitarios.
- b) O desenvolvemento da política de integración das persoas inmigradas no marco das súas competencias.
- c) A adopción das medidas necesarias para a integración social e económica das persoas inmigrantes e para a garantía dos seus dereitos e o cumprimento dos seus deberes.
- d) O establecemento, de acordo coa normativa estatal, dun marco de referencia para a acollida e integración das persoas inmigrantes, incluídos os menores estranxeiros non acompañados.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia executiva en materia de autorización de traballo dos estranxeiros cuxa relación laboral se desenvolva nas Canarias. Esta competencia, que se exercerá en necesaria coordinación coa que corresponde ao Estado en materia de entrada e residencia de estranxeiros e no marco da súa lexislación, inclúe:

- a) A tramitación e resolución das autorizacións iniciais de traballo por conta propia ou allea.
- b) A tramitación e a resolución dos recursos presentados con relación aos expedientes a que se refire o punto anterior e a aplicación do réxime de inspección e sanción.

3. A Comunidade Autónoma de Canarias participará nas decisións do Estado sobre inmigración con especial transcendencia para as Canarias, dada a súa situación xeográfica, a través dos órganos de coordinación previstos na lexislación sectorial e, en particular, a participación preceptiva previa na determinación do contingente de traballadores estranxeiros a través dos mecanismos previstos no presente estatuto.

Artigo 145. *Políticas de xénero.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de políticas de xénero que, respectando o establecido polo Estado no exercicio da competencia que lle atribúe o artigo 149.1.1.^ª da Constitución, inclúe, en todo caso:

- a) A promoción da igualdade de homes e mulleres en todos os ámbitos sociais, laborais, económicos ou representativos.
- b) A planificación e execución de normas e plans en materia de políticas para a muller, así como o establecemento de accións positivas para erradicar a discriminación por razón de sexo.
- c) A promoción do asociacionismo de mulleres.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias o desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación básica estatal en materia de loita contra a violencia de xénero, a planificación de actuacións e a capacidade de avaliación e proposta ante a Administración xeral do Estado.

Artigo 146. *Política de mocidade.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de mocidade, que inclúe en todo caso:

- a) A promoción do desenvolvemento persoal e social da mocidade, así como a aprobación de normas e a realización de actividades dirixidas a conseguir o acceso desta ao traballo, á vivenda e á formación profesional.
- b) O deseño, a aplicación e a avaliación de políticas, plans e programas destinados á mocidade.
- c) A promoción do asociacionismo xuvenil, das iniciativas de participación da xente nova, da mobilidade internacional e do turismo xuvenil.
- d) A regulación e a xestión de actividades e instalacións destinadas á mocidade.

Artigo 147. *Voluntariado, menores e promoción das familias.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de voluntariado, que inclúe, en todo caso, a definición da actividade, así como a regulación e a promoción das actuacións destinadas á solidariedade e á acción voluntaria que se executen individualmente ou a través de institucións públicas ou privadas.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de protección de menores, que inclúe, en todo caso, a regulación do réxime de protección e das institucións públicas de protección e tutela dos menores desamparados, en situación de risco e dos menores infractores, sen prexuízo do disposto na lexislación civil e penal.

3. A Comunidade Autónoma de Canarias participará na elaboración e na reforma da lexislación penal e procesual que incida nas competencias en materia de menores, a través dos órganos e procedementos multilaterais previstos na lexislación do Estado.

4. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de promoción das familias e da infancia que, en todo caso, inclúe as medidas de protección social e a súa execución.

CAPÍTULO VIII

Seguridade

Artigo 148. *Policía autonómica.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias o establecemento de políticas de seguridade públicas e de protección de persoas e bens nos termos previstos no artigo 149.1.29.^a da Constitución.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a creación, a organización e o mando dun corpo de policía canaria que, sen prexuízo das funcións dos corpos de seguridade do Estado, e no marco do disposto no artigo 149.1.29.^a da Constitución, desempeñe na súa integridade as que lle sexan propias baixo a directa dependencia do Goberno de Canarias.

3. Corresponde, así mesmo, á Comunidade Autónoma de Canarias a ordenación xeral e a coordinación supramunicipal das policía locais canarias, sen prexuízo da súa dependencia das autoridades municipais.

4. Crearase a Xunta de Seguridade que, con representación paritaria do Goberno do Estado e do Goberno de Canarias, coordinará as políticas de seguridade e a actuación da policía autonómica cos corpos e forzas de seguridade do Estado.

Artigo 149. *Protección civil e salvamento marítimo.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia en materia de protección civil, de acordo coa lexislación estatal, que inclúe, en todo caso, a regulación,

planificación e execución de medidas relativas ás emerxencias e á seguridade civil, así como a dirección e coordinación dos servizos de protección civil, que comprende os servizos de prevención e extinción de incendios, respectando as competencias do Estado en materia de seguridade pública.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia executiva en materia de salvamento marítimo de acordo coa lexislación estatal. Para tal fin, estableceranse sistemas de colaboración e cooperación cos servizos de salvamento dependentes do Estado.

Artigo 150. *Seguridade privada.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia executiva en materia de seguridade privada, que inclúe, en todo caso:

- a) A autorización das empresas de seguridade privada que teñan o seu domicilio social no arquipélago e cuxo ámbito de actuación estea limitado ao seu territorio.
- b) A autorización dos centros de formación do persoal de seguridade privada.
- c) A inspección e sanción das actividades de seguridade privada que se realicen no arquipélago.
- d) A coordinación dos servizos de seguridade e investigación privadas coa policía autonómica e coas policía locais.

Artigo 151. *Sistema penitenciario.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia executiva en materia penitenciaria.

CAPÍTULO IX

Ordenación dos recursos naturais

Artigo 152. *Augas e obras hidráulicas.*

1. Á Comunidade Autónoma de Canarias correspóndelle, sen prexuízo do disposto na lexislación estatal, a competencia exclusiva en materia de augas, que inclúe, en todo caso:

- a) A regulación, planificación e xestión da auga, en todas as súas manifestacións, dos usos e dos aproveitamentos hidráulicos, réxime de protección, así como das obras hidráulicas que non estean cualificadas de interese xeral.
- b) A organización da Administración hidráulica, incluída a participación dos usuarios.
- c) A potestade de policía do dominio público hidráulico.

2. Nos termos en que se acorde co Estado, corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias, en materia de obras públicas hidráulicas de interese xeral de titularidade estatal, a súa participación na súa planificación e programación e, de ser o caso, a execución, explotación e xestión daquelas que se establezan no correspondente convenio de colaboración.

Artigo 153. *Ambiente.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia de desenvolvemento lexislativo e de execución da lexislación estatal en materia de ambiente, o que inclúe en todo caso:

- a) O establecemento e a regulación dos instrumentos de planificación ambiental e do procedemento de tramitación e aprobación destes instrumentos.

b) A regulación, a tramitación e a resolución dos procedementos de avaliación ambiental das obras, das instalacións e das actividades da súa competencia e dos plans e programas que afecten o seu territorio.

c) O establecemento e a regulación de medidas de sustentabilidade, fiscalidade e investigación ambientais.

d) A regulación dos recursos naturais, da flora e fauna, da biodiversidade, e do medio mariño e acuático se non teñen por finalidade a preservación dos recursos pesqueiros marítimos.

e) A regulación sobre prevención na produción de envases e embalaxes en todo o seu ciclo de vida, desde que se xeran até que pasan a ser residuos.

f) A regulación sobre prevención e corrección da xeración de residuos con orixe ou destino nas Canarias e sobre a súa xestión e traslado e a súa disposición final.

g) A regulación da prevención, o control, a corrección, a recuperación e a compensación da contaminación do solo, subsolo e litoral.

h) A regulación e a xestión das verteduras efectuadas nas augas interinsulares, así como das efectuadas nas augas superficiais e subterráneas, sen prexuízo da competencia estatal en materia de mariña mercante e protección do medio mariño.

i) A regulación do ambiente atmosférico e das distintas clases de contaminación deste, a declaración de zonas de atmosfera contaminada e o establecemento doutros instrumentos de control da contaminación, con independencia da Administración competente para autorizar a obra, a instalación ou a actividade que a produza.

j) A regulación do réxime de autorización e seguimento de emisión de gases de efecto invernadoiro para as instalacións fixas situadas no seu territorio.

k) A promoción das cualificacións relativas a produtos, actividades, instalacións, infraestruturas, procedementos, procesos produtivos ou condutas respectuosas cara ao medio.

l) A prevención, restauración e reparación de danos ao ambiente, así como o correspondente réxime sancionador.

m) As medidas de protección das especies e o réxime sancionador.

n) A regulación da introdución e do transporte de especies autóctonas e non autóctonas no territorio canario de acordo coa lexislación estatal e europea.

ñ) As medidas que, no ámbito das súas competencias, se poidan adoptar para a loita contra o cambio climático.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia para o establecemento de normas adicionais de protección sobre as materias consideradas como básicas pola lexislación estatal.

3. A Comunidade Autónoma de Canarias contará cun servizo de inspección de instalacións e actividades para a tutela e protección da natureza no marco das súas competencias.

Artigo 154. *Espazos naturais protexidos.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de espazos naturais protexidos no ámbito espacial das Canarias.

2. A iniciativa para a declaración dun parque nacional corresponderá ao Estado ou á Comunidade Autónoma, de acordo co establecido na lexislación estatal. A declaración e delimitación dos parques nacionais nas Canarias require informe preceptivo da Comisión Bilateral Canarias-Estado. A xestión dos parques nacionais corresponde á Comunidade Autónoma, sen prexuízo das competencias do Estado en relación coa rede de parques nacionais.

Artigo 155. *Servizo de meteoroloxía.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva para establecer un servizo de meteoroloxía para a obtención de información meteorolóxica e climática, que inclúa o prognóstico, o control e o seguimento das situacións meteorolóxicas

de risco, así como a investigación nestes ámbitos e a elaboración da cartografía climática. Mediante acordos ou convenios, o Estado e a Comunidade Autónoma poderán colaborar nesta materia.

Artigo 156. *Ordenación do territorio e da paisaxe.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e da paisaxe, que inclúe, en todo caso:

- a) O establecemento das directrices de ordenación e xestión do territorio, da paisaxe e das actuacións que inciden neles.
- b) O establecemento e a regulación das figuras de planeamento territorial, así como a súa xestión.
- c) As previsións sobre localización das infraestruturas e dos equipamentos de competencia da Comunidade Autónoma de Canarias.
- d) A determinación de medidas específicas de promoción do equilibrio territorial, demográfico, socioeconómico e ambiental.

Artigo 157. *Ordenación e xestión do litoral.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias, en materia de ordenación do litoral, respectando o réxime xeral do dominio público, a competencia exclusiva, que inclúe en todo caso:

- a) O establecemento e a regulación dos plans territoriais de ordenación e uso do litoral e das praias, así como a regulación do procedemento de tramitación e aprobación destes instrumentos e plans.
- b) A xestión dos títulos de ocupación e uso do dominio público marítimo-terrestre, especialmente o outorgamento de autorizacións e concesións e, en todo caso, as concesións de obras fixas no mar, respectando as excepcións que se poidan establecer por motivos ambientais nas augas costeiras interiores e de transición.
- c) A regulación e a xestión do réxime económico-financieiro do dominio público marítimo-terrestre nos termos previstos pola lexislación xeral.
- d) A execución de obras e actuacións no litoral canario cando non sexan de interese xeral.
- e) A atribución dos servizos que se presten en praias e demais lugares do litoral, en coordinación coas entidades locais.
- f) O informe previo da Comunidade Autónoma sobre a execución de obras de interese xeral no litoral canario.

Artigo 158. *Urbanismo.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de urbanismo, que inclúe, en todo caso, a regulación dos seguintes aspectos:

- a) O réxime urbanístico do solo, que inclúe, en todo caso, a determinación dos criterios sobre os diversos tipos de solo e os seus usos.
- b) O réxime xurídico da propiedade do solo, respectando as condicións básicas que o Estado estableza para garantir a igualdade do exercicio do dereito á propiedade, que inclúe, en todo caso, a clasificación, categorización e subcategorización, así como os dereitos e deberes asociados a eles.
- c) Os instrumentos de planeamento e xestión urbanística.
- d) A política de solo e vivenda, os patrimonios públicos de solo e vivenda e o réxime da intervención administrativa na urbanización, na edificación e no uso do solo e do subsolo.

e) A protección da legalidade urbanística, que inclúe, en todo caso, a inspección urbanística, as ordes de suspensión de obras e licenzas, as medidas de restauración da legalidade física alterada, así como a disciplina urbanística.

CAPÍTULO X

Infraestruturas e redes

Artigo 159. *Obras públicas.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva en materia de obras públicas que se executan no territorio das Canarias e que non fosen cualificadas de interese xeral.

2. A Comunidade Autónoma de Canarias participa na planificación e na programación das obras cualificadas de interese xeral, de conformidade co disposto na lexislación do Estado e segundo o establecido no presente estatuto.

3. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a xestión de todas as obras públicas adscritas aos servizos da súa competencia.

4. A Comunidade Autónoma de Canarias emitirá informe previo sobre a declaración das obras de interese xeral que o Estado radique no territorio das Canarias.

Artigo 160. *Transportes.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva sobre os transportes terrestres de viaxeiros e mercadorías por estrada, ferrocarril e cable e sobre o transporte marítimo que transcorra integramente dentro do ámbito do arquipélago. Esta competencia inclúe, en todo caso:

a) A regulación, a planificación, a xestión, a coordinación e a inspección dos servizos e as actividades, incluído o transporte urbano e interurbano e dos servizos de transporte discrecional de viaxeiros e mercadorías, o transporte turístico, escolar ou de menores, sanitario, funerario, de mercadorías perigosas ou perecedoiras e doutros que requiran un réxime específico, respectando as competencias estatais sobre seguridade pública.

b) A potestade tarifaria sobre transportes de competencia autonómica, así como un sistema de mediación en materia de transportes no ámbito das súas competencias.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva sobre os centros de transporte, loxística e distribución localizados nas Canarias, que inclúe os centros de información e distribución de cargas e as estacións de transporte por estrada.

3. A Comunidade Autónoma de Canarias participará, a través da Comisión de Seguimento das Obrigações de Servizo Público, na análise da situación da xestión do servizo de transporte aéreo declarado como tal que transcorra integramente dentro do ámbito do arquipélago, e poderá realizar propostas de desenvolvemento normativo e execución nesta materia.

Artigo 161. *Infraestruturas do transporte.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva sobre portos, aeroportos, heliportos e demais infraestruturas de transporte que non teñan a cualificación de interese xeral polo Estado, e a competencia de execución sobre portos e aeroportos con cualificación de interese xeral, cando o Estado non reserve para si a súa xestión directa. Esta competencia, inclúe, en todo caso:

a) O réxime xurídico, a planificación e a xestión de todas as infraestruturas do transporte, así como das súas estacións terminais de carga.

b) A xestión do dominio público necesario para prestar o servizo, especialmente o outorgamento de autorizacións e concesións nas ditas infraestruturas.

c) O réxime económico, especialmente as potestades tarifaria e tributaria e a percepción e a recadación de todo tipo de tributos e gravames relacionados coa utilización da infraestrutura e do servizo que presta.

d) A delimitación da zona de servizos que sexa necesaria e a determinación dos usos, equipamentos e actividades complementarias, respectando as facultades do titular do dominio público.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a participación na planificación e a programación e xestión de portos e aeroportos de interese xeral nos termos que determine a normativa estatal, por tratarse de redes esenciais para a conexión do territorio como rexión ultraperiférica.

3. Os portos e aeroportos radicados nas Canarias cualificados de interese xeral que non sexan de competencia autonómica por seren xestionados directamente polo Estado, de acordo co punto 1 deste artigo, teñen un réxime especial de funcionamento establecido nunha lei en que participarán as administracións públicas canarias debido ao carácter arquipeláxico e ultraperiférico.

4. A Comunidade Autónoma de Canarias poderá participar, nos termos establecidos na lexislación estatal, nas decisións que se adopten sobre o establecemento de taxas, prezos públicos ou prestacións públicas patrimoniais que afecten os aeroportos canarios.

Artigo 162. *Estradas e ferrocarrís.*

Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia exclusiva sobre a súa rede viaria e ferroviaria. Esta competencia inclúe, en todo caso, a ordenación, planificación, xestión integrada, establecemento do réxime xurídico e financeiro de todos os elementos das redes viarias e ferroviarias e a súa conectividade con outros modos de transporte.

Artigo 163. *Enerxía, hidrocarburos e minas.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias, sen prexuízo do previsto no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución, a competencia sobre as seguintes materias:

a) Instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía, cando non estean situadas no mar territorial, este transporte transcorra integramente polo territorio das Canarias e o seu aproveitamento non afecte outro territorio, sen prexuízo das súas competencias xerais sobre industria.

b) Fomento e xestión das enerxías renovables e da eficiencia enerxética.

c) O réxime mineiro en relación coa regulación e o réxime de intervención administrativa, así como o control das minas e dos recursos mineiros que estean situados no territorio canario e das actividades extractivas que se leven a cabo.

d) Autorización de instalacións de produción, depósito e transporte de enerxías, así como a súa inspección e control, de acordo coas bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica prevista no artigo 149.1.13.^a da Constitución.

2. A Administración da Comunidade Autónoma de Canarias participará na regulación e planificación estatal do sector da enerxía que afecte as Canarias.

3. A Comunidade Autónoma de Canarias emitirá informe nos ámbitos de competencia estatal cando os produtos enerxéticos sexan xerados fóra do seu ámbito espacial e afecten a comunidade autónoma.

Artigo 164. *Medios de comunicación social e servizos de contido audiovisual.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia de desenvolvemento lexislativo e de execución en materia de medios de comunicación social e audiovisual, con independencia da tecnoloxía que se utilice.

2. Nos termos establecidos no punto anterior, a Comunidade Autónoma de Canarias poderá regular, crear e manter todos os medios de comunicación social e audiovisuais necesarios para o cumprimento dos seus fins.

TÍTULO VI

Economía e facenda

CAPÍTULO I

Do réxime económico e fiscal das Canarias

Artigo 165. *Disposicións xerais.*

1. No marco do dereito constitucional á propiedade privada, a riqueza das Canarias está subordinada ao interese xeral.

2. As administracións públicas canarias promoverán o desenvolvemento económico e social do arquipélago, instarán o Estado e a Unión Europea a adoptar as medidas económicas e sociais necesarias para compensar o seu carácter ultraperiférico e o feito insular, e favorecerán o equilibrio e a solidariedade entre as illas.

3. A facenda e o patrimonio da Comunidade Autónoma de Canarias están vinculados ao desenvolvemento e á execución das súas competencias.

Artigo 166. *Principios básicos.*

1. Canarias ten un réxime económico e fiscal especial, propio do seu acervo histórico constitucionalmente recoñecido e xustificado polos seus feitos diferenciais.

2. O réxime económico e fiscal das Canarias baséase na liberdade comercial de importación e exportación, na non aplicación de monopolios, nas franquías fiscais estatais sobre o consumo e nunha política fiscal diferenciada e cunha imposición indirecta singular, que deriva do recoñecemento das illas Canarias como rexión ultraperiférica no Tratado de funcionamento da Unión Europea.

3. Os recursos do réxime económico e fiscal son adicionais aos recollidos na política e normativa vixente en cada momento para o financiamento da Comunidade Autónoma de Canarias e das súas entidades locais. Nos termos que determinen a Lei orgánica 8/1980, de financiamento das comunidades autónomas, e as súas normas de desenvolvemento, estes recursos tributarios non se integrarán, nin computarán, no Sistema de financiamento autonómico para respectar o espazo fiscal propio canario e para que o seu desenvolvemento non penalice a autonomía financeira da Comunidade Autónoma de Canarias.

4. A Comunidade Autónoma de Canarias terá facultades normativas e executivas sobre o seu réxime especial económico e fiscal nos termos da normativa estatal.

Artigo 167. *Modificación.*

1. O réxime económico-fiscal das Canarias só poderá ser modificado de acordo co establecido na disposición adicional terceira da Constitución, logo de informe do Parlamento Canario, que para ser favorable deberá ser aprobado polas dúas terceiras partes dos seus membros.

2. Se o informe do Parlamento de Canarias for desfavorable, votado así polas dúas terceiras partes da Cámara, procederase segundo o seguinte:

a) Reunirase a Comisión Bilateral de Cooperación entre a Administración xeral do Estado e a da Comunidade Autónoma de Canarias; poderá solicitar a súa convocatoria calquera das dúas administracións.

b) No seo da mencionada Comisión Bilateral adoptarase un acordo sobre iniciación de negociacións para resolver as discrepancias e poderase instar, de ser o caso, a modificación da proposta de texto normativo.

c) O acordo de iniciación será posto en coñecemento das Cortes Xerais. Se, transcorridos dous meses desde o acordo de iniciación, non se alcanzou un acordo sobre a proposta de texto normativo, continuará o procedemento e trasladarase ao Goberno estatal ou ás Cortes Xerais o expediente tramitado ante a Comisión Bilateral.

d) O proxecto ou proposición de lei continuará a súa tramitación incluíndo as modificacións e propostas, de ser o caso, ou de acordo cos trámites ordinarios previstos na normativa de aplicación.

3. O Parlamento de Canarias deberá ser oído nos proxectos de lexislación financeira e tributaria que afecten o réxime económico e fiscal das Canarias.

Artigo 168. *Principio de solidariedade interterritorial.*

1. Para a realización efectiva do principio de solidariedade interterritorial, os proxectos de infraestruturas e as instalacións de telecomunicación que permitan ou faciliten a integración do territorio do arquipélago ou a súa conexión co territorio peninsular, así como os de infraestruturas turísticas e enerxéticas ou de actuacións ambientais de carácter estratéxico para as Canarias, terán a consideración de interese xeral, para os efectos da participación do Estado no seu financiamento.

2. En cada exercicio orzamentario e dentro do principio da solidariedade interterritorial, executarase un programa de investimentos públicos distribuído entre o Estado e a Comunidade Autónoma.

3. O obxectivo destas políticas debe ser a equiparación progresiva das condicións socioeconómicas da poboación das illas á media estatal. Isto medirase periodicamente e as desviacións serán compensadas con políticas de gasto eficientes.

CAPÍTULO II

Do réxime financeiro e tributario

Artigo 169. *Os recursos da facenda autonómica canaria.*

Os recursos da facenda autonómica canaria están constituídos:

a) Polo produto do seu patrimonio e polos ingresos de dereito privado que lle correspondan.

b) Polos ingresos procedentes dos seus propios impostos e polos que lle correspondan pola súa participación e xestión no réxime económico e fiscal das Canarias.

c) Polos prezos públicos.

d) Polo rendemento dos tributos cedidos polo Estado á facenda da Comunidade Autónoma de Canarias.

e) Polo rendemento das súas propias taxas e exaccións parafiscais por aproveitamentos especiais e pola prestación de servizos directos da Comunidade Autónoma, xa sexan da súa propia creación ou como consecuencia de traspaso de servizos estatais.

f) Polas contribucións especiais que estableza a Comunidade Autónoma no exercicio das súas competencias.

g) Polas recargas e participacións nos tributos de carácter estatal e outros ingresos do Estado.

h) Polas asignacións e subvencións que se lle outorguen con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

i) Polas transferencias procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial e demais subvencións de natureza pública.

- j) Polos fondos procedentes da Unión Europea ou que se lle atribúan, derivados da súa vinculación a outras áreas supranacionais.
- k) Polos legados e doazóns.
- l) Polo importe das multas e demais sancións pecuniarias no ámbito da súa competencia.
- m) Polos recursos e outros ingresos que se lle asignen como consecuencia das competencias que se transfiran á Comunidade Autónoma.
- n) Polo produto obtido pola emisión de débeda e o recurso ao crédito.
- ñ) Por calquera outro que se poida constituír, en virtude das leis do Estado ou do Parlamento de Canarias.

Artigo 170. *Os recursos das illas.*

Os recursos propios das illas están constituídos:

- a) Polos establecidos na súa lexislación específica.
- b) Polos derivados do réxime económico e fiscal das Canarias.
- c) Pola participación nos tributos autonómicos, nas asignacións ou subvencións estatais e nas transferencias procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial, que poidan outorgarse por lei do Parlamento de Canarias.
- d) Polos que lles asignen nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio das competencias que desempeñen.

Artigo 171. *Principio de autonomía financeira.*

A Comunidade Autónoma de Canarias, de acordo co principio de autonomía financeira, ten potestade para establecer e exixir tributos propios, conforme a Constitución e as leis.

Artigo 172. *Participación nos tributos estatais.*

1. A Comunidade Autónoma de Canarias percibirá unha porcentaxe de participación na recadación en todo o territorio español dos impostos estatais non cedidos.
2. A porcentaxe de participación en tales impostos negociarase a través da Comisión Bilateral de Cooperación Canarias-Estado, no marco do previsto na Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas.

Artigo 173. *Recargas.*

O Parlamento de Canarias poderá establecer recargas sobre os impostos estatais cedidos, así como sobre os non cedidos que graven a renda ou o patrimonio das persoas físicas con residencia habitual nas Canarias de acordo coas leis.

Artigo 174. *Reclamacións económico-administrativas.*

A Comunidade Autónoma de Canarias asumirá, por medio dos seus propios órganos económico-administrativos, a revisión pola vía administrativa das reclamacións que os contribuíntes poidan interpor contra os actos de aplicación dos tributos a que se refiren os puntos 1 e 2 do artigo 186 deste estatuto, sen prexuízo das competencias que en materia de unificación de criterio lle corresponden á Administración xeral do Estado.

O órgano competente da Comunidade Autónoma de Canarias que determine a súa normativa específica coñecerá do recurso extraordinario de revisión contra actos firmes da súa Administración tributaria e contra resolucións firmes dos seus propios órganos económico-administrativos.

Para estes efectos, a Comunidade Autónoma de Canarias e a Administración xeral do Estado poderán, así mesmo, acordar os mecanismos de cooperación que sexan precisos para o adecuado exercicio das funcións de revisión en vía económico-administrativa.

Artigo 175. *Xestión dos fondos europeos.*

1. Corresponden en exclusiva á Comunidade Autónoma de Canarias a xestión, a execución e, de ser o caso, a planificación dos fondos europeos destinados ás Canarias, en especial daqueles aprobados en aplicación de criterios de converxencia ou derivados da condición ultraperiférica das Canarias.

2. En especial, corresponden en exclusiva á Comunidade Autónoma de Canarias as funcións de organismo pagador e a xestión do Rexistro único de operadores do réxime especial de abastecemento establecido pola Unión Europea, sen prexuízo da competencia do Estado para emitir os certificados de exención dos operadores con terceiros Estados non membros da Unión Europea.

3. Os fondos que se reciban nestes conceptos poderán ser modulados con criterios sociais e territoriais pola Comunidade Autónoma de Canarias, dentro do respecto ás normas europeas aplicables.

Artigo 176. *Medidas compensatorias.*

Se, como resultado dunha reforma ou modificación do sistema tributario estatal, resulta unha variación sensible daqueles ingresos da Comunidade Autónoma de Canarias que dependan dos tributos estatais, o Estado deberá adoptar, de acordo coa Comunidade Autónoma, as medidas de compensación oportunas.

Artigo 177. *Asignacións complementarias.*

1. Co fin de garantir a realización efectiva dos principios consagrados nos artigos 31 e 138 da Constitución en relación co afastamento, coa insularidade e coa condición ultraperiférica previstos no artigo 3 do presente estatuto, o Estado outorgará á facenda da Comunidade Autónoma de Canarias, con cargo aos seus orzamentos xerais, as adecuadas asignacións complementarias nos termos en que estas se establezan na lei ditada en virtude do artigo 157.3 da Constitución, de maneira que, de ser o caso, compensen os sobrecostos derivados da condición ultraperiférica e o déficit na prestación dos servizos públicos básicos que se poida producir polo factor poboacional, por razóns derivadas das características diferenciadas da economía canaria e da fragmentación territorial.

2. A Comunidade Autónoma de Canarias participará na determinación anual da contía total do Fondo de Compensación Interterritorial, a que se refire o punto 2 do artigo 158 da Constitución.

Artigo 178. *Operacións de crédito e débeda.*

1. A Comunidade Autónoma de Canarias poderá realizar operacións de crédito e recorrer á emisión de débeda pública, nos casos e cos requisitos que se establezan na Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas.

2. Os títulos de débeda pública emitidos terán a consideración de fondos públicos para todos os efectos.

3. No suposto de que o Estado emita débeda parcialmente destinada á creación ou mellora de servizos situados no arquipélago canario e transferidos á Comunidade Autónoma de Canarias, esta estará facultada para elaborar e presentar o programa de obras e servizos beneficiarios do investimento.

Artigo 179. *Planificación económica.*

O Goberno de Canarias elaborará, no ámbito das súas competencias, os proxectos de planificación, de acordo coas previsións da propia Comunidade Autónoma e das administracións territoriais e o asesoramento e colaboración dos sindicatos e doutras organizacións profesionais e empresariais a través do Consello Económico e Social de Canarias, órgano de carácter consultivo en materia económica e social, cuxa finalidade

primordial é a de servir de canle de participación e diálogo nos asuntos socioeconómicos. A súa composición e funcionamento regularase por lei.

Artigo 180. *Coordinación de políticas fiscais e financeiras.*

1. A Comunidade Autónoma de Canarias coordina as políticas de endebedamento dos cabidos insulares e dos concellos e exerce, en todos os aspectos delas que poidan afectar os intereses xerais das Canarias, as potestades outorgadas ao respecto pola normativa estatal reguladora das facendas locais sen que, en ningún caso, no seu marco se limite a autonomía financeira das corporacións locais, garantida pola Constitución e polo presente Estatuto de autonomía.

2. Para estes efectos, mediante lei poderanse fixar os límites de endebedamento das administracións insulares e locais, así como a autorización da Comunidade Autónoma de Canarias para a aprobación de operacións de crédito a longo prazo das entidades locais, no marco da lei.

Artigo 181. *Instrumentos de solidariedade interinsular.*

A Comunidade Autónoma de Canarias velará polo seu propio equilibrio territorial e pola realización interna do principio de solidariedade, atendendo, entre outros criterios, aos custos da dobre insularidade.

Para tal efecto, crearase un Fondo de Solidariedade Interinsular ou outros instrumentos de obxectivos análogos. Os seus recursos serán distribuídos, en calquera dos casos, polo Parlamento de Canarias.

Artigo 182. *Beneficios fiscais.*

A Comunidade Autónoma de Canarias terá os mesmos beneficios fiscais que corresponden ao Estado.

Artigo 183. *Reserva de lei.*

Regularanse necesariamente mediante lei aprobada polo Parlamento de Canarias as seguintes materias:

- a) O establecemento e a modificación dos seus propios tributos.
- b) O establecemento e a modificación das recargas sobre os impostos do Estado.
- c) Todo beneficio fiscal que afecte os tributos propios da facenda canaria.
- d) A autorización para a creación e conversión en débeda pública, así como para a realización das restantes operacións de crédito concertadas pola Comunidade Autónoma.
- e) O réxime xurídico do patrimonio da Comunidade Autónoma.
- f) As participacións que correspondan á facenda insular en impostos, asignacións e subvencións, de acordo co establecido no artigo 170 do presente estatuto.
- g) Os criterios de distribución e porcentaxes de repartición dos recursos derivados do réxime económico-fiscal de Canarias.

Artigo 184. *Outras competencias do Goberno.*

Corresponde ao Goberno de Canarias, nas materias reguladas no presente título:

- a) Elaborar o proxecto de lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
- b) Aprobar os regulamentos xerais dos impostos propios da Comunidade.
- c) Elaborar as normas regulamentarias precisas para xestionar os impostos estatais cedidos, de acordo cos termos da dita cesión e logo de audiencia dos cabidos e do Consello Municipal de Canarias.

Artigo 185. *Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.*

1. Corresponde ao Parlamento de Canarias aprobar e fiscalizar os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, así como examinar o uso eficiente das consignacións dos orzamentos das illas destinados a financiar competencias delegadas a elas, velando para que se cumpra ao respecto o principio de suficiencia financeira.

2. Os orzamentos, que terán carácter anual e igual período que os do Estado, incluírán a totalidade das previsións de ingresos e a autorización de gastos correntes e de investimento.

3. Se os orzamentos non son aprobados antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, os anteriores quedarán automaticamente prorrogados nas súas respectivas vixencias.

Artigo 186. *Xestión de tributos.*

1. A xestión, liquidación, recadación e inspección dos seus propios tributos corresponderá á Comunidade Autónoma de Canarias, a cal disporá de plenas atribucións para a execución e organización de tales tarefas, sen prexuízo da colaboración que poida establecer coa Administración tributaria do Estado.

2. En caso de tributos cedidos, a Comunidade Autónoma de Canarias asumirá por delegación do Estado a súa xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión, de ser o caso, sen prexuízo da colaboración que se poida establecer entre ambas as administracións, todo iso de acordo co especificado na lei que fixe o alcance e as condicións da cesión.

3. As illas, municipios e outros entes territoriais poderán actuar como delegados e colaboradores do Goberno de Canarias para a liquidación, xestión e recadación dos tributos autonómicos.

Artigo 187. *Colaboración interadministrativa.*

1. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias establecerán as canles de colaboración necesarias para asegurar a participación da Comunidade Autónoma de Canarias nas decisións e no intercambio de información que sexan precisos para o exercicio das súas competencias.

2. Así mesmo, estableceranse fórmulas de colaboración en materia catastral entre o Estado, a Comunidade Autónoma de Canarias e as entidades locais, de acordo coa normativa aplicable, de maneira que se garanta a plena dispoñibilidade e unidade de información para todas as administracións.

Artigo 188. *Sector público económico autonómico.*

1. Os poderes públicos canarios quedan facultados para constituír un sector público económico autonómico.

2. Nos termos e número que estableza a lexislación xeral do Estado, a Comunidade Autónoma de Canarias proporá as persoas que deban formar parte dos órganos de administración daquelas empresas públicas de titularidade estatal implantadas nas Canarias que a dita lexislación determine.

3. A Comunidade Autónoma de Canarias poderá elaborar e remitir ao Goberno calquera informe, estudo ou proposta relativos á xestión de tales empresas ou á súa incidencia na economía canaria. Estes informes, estudos ou propostas darán lugar a unha resolución motivada do Goberno ou dos organismos ou entidades titulares da participación nas empresas.

CAPÍTULO III

Do patrimonio

Artigo 189. *O patrimonio da Comunidade Autónoma.*

1. O patrimonio da Comunidade Autónoma de Canarias está integrado polo conxunto dos bens e dereitos da Administración pública da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos, calquera que sexa a súa natureza e o título da súa adquisición ou aquel en virtude do cal lles fosen atribuídos.

2. O patrimonio da Comunidade Autónoma de Canarias, a súa administración, defensa e conservación serán regulados por unha lei do Parlamento de Canarias.

Artigo 190. *O patrimonio insular.*

O patrimonio insular está integrado polo conxunto dos bens e dereitos de cada illa e dos organismos públicos que se encontren en relación de dependencia ou vinculación con ela, calquera que sexa a súa natureza e o título da súa adquisición ou aquel en virtude do cal lles fosen atribuídos.

TÍTULO VII

Das relacións institucionais e acción exterior da Comunidade Autónoma de Canarias

CAPÍTULO I

Relacións interadministrativas

Artigo 191. *Relacións de colaboración e de cooperación.*

1. De conformidade cos principios de lealdade institucional, de solidariedade, de defensa do interese xeral e de respecto ás súas respectivas competencias, a Comunidade Autónoma de Canarias establecerá relacións de colaboración e de cooperación co Estado e coas demais comunidades autónomas.

2. A Comunidade Autónoma de Canarias participa nos órganos do Estado, así como nos seus organismos e entidades públicos, nos termos establecidos legalmente. Igualmente, poderá subscribir os acordos e convenios de cooperación co Estado que considere convenientes a través da Comisión Bilateral de Cooperación.

Artigo 192. *Comisión Bilateral de Cooperación.*

1. A Comisión Bilateral de Cooperación Canarias-Estado constitúe o marco xeral e permanente de relación entre o Goberno de Canarias e o do Estado para coñecer e tratar as cuestións de interese común que establezan as leis ou que formulen as partes, e en particular:

a) As controversias de calquera índole suscitadas entre as dúas partes e a proposta, se procede, de medidas para resolvelas e, de ser o caso, para a aplicación e interpretación do Estatuto de autonomía, sen prexuízo da xurisdición propia do Tribunal Constitucional e dos tribunais de xustiza.

b) O seguimento da política europea para garantir a efectividade da participación das Canarias nos asuntos da Unión Europea, en particular na formación da posición do Estado con relación ao deseño e á aplicación das políticas comúns comunitarias e das normas con incidencia directa no réxime económico e fiscal das Canarias.

c) A participación, información, colaboración e coordinación no exercicio das súas respectivas competencias.

2. A comisión estará integrada por un número igual de representantes do Goberno de Canarias e do Goberno do Estado e poderá ser convocada por petición dunha das partes con carácter extraordinario. Por acordo de ambas as partes, a Comisión adoptará o seu regulamento interno de funcionamento.

Artigo 193. *Convenios e acordos de cooperación con outras comunidades autónomas.*

1. A Comunidade Autónoma de Canarias poderá subscribir convenios con outras comunidades autónomas para a xestión e prestación de servizos propios correspondentes a materias da súa exclusiva competencia. Estes acordos deberán ser aprobados polo Parlamento de Canarias, se teñen unha afectación legislativa. Nos demais casos, o Goberno de Canarias deberá informar o Parlamento da subscrición no prazo dun mes desde a sinatura. Todos os convenios deberán ser comunicados ás Cortes Xerais e entrarán en vigor aos trinta días desta comunicación, salvo que estas acorden no dito prazo que, polo seu contido, o convenio debe seguir o trámite previsto no punto 2 deste artigo como acordo de cooperación.

2. A Comunidade Autónoma de Canarias poderá establecer acordos de cooperación con outras comunidades autónomas, nos termos previstos do artigo 145.2 da Constitución.

Artigo 194. *Relacións con outras administracións públicas canarias.*

1. As administracións públicas das Canarias réxense nas súas relacións polos principios de lealdade institucional, coordinación, cooperación e colaboración.

2. O Goberno de Canarias, os cabidos insulares e os concellos poden crear órganos de cooperación, con composición bilateral ou multilateral, de ámbito xeral ou sectorial, naquelas materias en que exista interrelación competencial e con funcións de coordinación ou cooperación, segundo os casos.

3. A Comunidade Autónoma de Canarias fomentará a creación de figuras asociativas entre as administracións públicas para mellorar a xestión dos intereses comúns e garantir a eficacia na prestación dos servizos.

CAPÍTULO II

Acción exterior de Canarias

Artigo 195. *Acción exterior.*

1. O Goberno de Canarias, dentro do ámbito das súas competencias e da defensa do interese xeral que lle está constitucionalmente atribuída, exercerá a súa propia acción exterior, sen prexuízo da función de representación e das competencias que corresponden ao Estado.

2. O Goberno de Canarias impulsará aquelas iniciativas destinadas a facilitar a cooperación naqueles países ou territorios onde existan comunidades de canarios ou de descendentes destes, así como cos países veciños e coas outras rexións ultraperiféricas no marco dos programas de cooperación territorial europeos.

3. Para tal efecto, e ademais das previsións contidas no presente estatuto e na lexislación xeral do Estado e das organizacións internacionais, o Goberno de Canarias, a través das súas delegacións no exterior, promoverá en colaboración co Estado a proxección exterior da Comunidade Autónoma.

Artigo 196. *Relacións coa Unión Europea.*

1. A Comunidade Autónoma de Canarias participará nas institucións da Unión Europea, así como nos diferentes organismos internacionais, nos termos establecidos pola Constitución, polo Estatuto de autonomía, polos tratados e convenios internacionais, pola lexislación aplicable e polos acordos subscritos entre o Estado e Canarias.

2. Esta participación producirase, en todo caso, cando se afecte a súa condición de rexión ultraperiférica ou se traten materias como cooperación transnacional e transfronteiriza, políticas económico-fiscais, políticas de innovación, sociedade da información, investigación e desenvolvemento tecnolóxico, cando afecten singularmente os intereses do arquipélago canario.

3. O Goberno de Canarias poderá formar parte das delegacións españolas ante a Unión Europea cando se vexa afectada a súa condición de rexión ultraperiférica.

Artigo 197. Aplicación e desenvolvemento do dereito da Unión Europea.

1. A Comunidade Autónoma de Canarias, no ámbito das súas competencias, desenvolve, traspón e executa o dereito da Unión Europea.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma de Canarias a xestión dos fondos europeos en materias da súa competencia.

3. O Goberno de Canarias informará periodicamente o Goberno do Estado das disposicións e resolucións adoptadas dentro das previsións dos dous puntos anteriores.

4. Cando unha proposta legislativa europea poida afectar as competencias da Comunidade Autónoma de Canarias, o réxime económico e fiscal das Canarias ou a condición de rexión ultraperiférica, o Parlamento de Canarias será consultado e manifestará o seu parecer con anterioridade a que as Cortes Xerais emitan o seu ditame no marco do procedemento de control dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade que establece o dereito da Unión Europea.

Artigo 198. Información e participación nos tratados internacionais.

1. A Comunidade Autónoma de Canarias será informada durante o proceso de negociación e elaboración dos tratados e convenios internacionais e das negociacións de adhesión a estes en canto afecten as súas singularidades ou as condicións para a aplicación da normativa europea. Tras recibir a información, o Goberno de Canarias manifestará o seu parecer, de ser o caso.

2. A Comunidade Autónoma de Canarias adoptará as medidas necesarias para a execución dos tratados e convenios internacionais, cando estas afecten as materias atribuídas á súa competencia.

3. A Comunidade Autónoma de Canarias poderá solicitar do Goberno do Estado a subscripción de tratados ou convenios internacionais en materias de interese para as Canarias e, en especial, as relacionadas coa súa situación xeográfica como rexión ultraperiférica, así como os que se requiran como consecuencia de políticas de cooperación ao desenvolvemento con países veciños e os que permitan estreitar lazos culturais con aqueles países ou territorios onde existan comunidades canarias ou de descendentes de canarios.

4. A Comunidade Autónoma de Canarias estará presente nas organizacións internacionais que admitan a presenza das rexións da Unión Europea e de entidades políticas non estatais.

Artigo 199. Actuacións ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

1. A participación do Goberno de Canarias nos procedementos ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea levarase a cabo nos termos establecidos pola normativa que sexa de aplicación.

2. O Goberno de Canarias pode instar o Goberno do Estado a iniciar accións ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Artigo 200. Procedemento xeral de reforma do estatuto.

1. A iniciativa da reforma corresponderá ao Goberno ou ao Parlamento de Canarias por proposta ao menos dunha quinta parte dos seus deputados.

2. A proposta de reforma requirirá, en todo caso, a aprobación do Parlamento de Canarias por maioría de tres quintos dos seus membros, a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica e, finalmente, ser sometida a referendo dos electores.

3. O procedemento de aprobación da reforma seguirá as seguintes fases:

a) Aprobada a proposta de reforma polo Parlamento de Canarias, remitirase ao Congreso dos Deputados. Unha vez sometida ao Pleno do Congreso, a Comisión Constitucional do Congreso nomeará unha ponencia paritaria entre o Congreso dos Deputados e o Parlamento de Canarias para intentar alcanzar un acordo sobre o texto. Chegado a un acordo común sobre o texto, remitirase ao pleno da comisión para a súa votación e se esta é favorable, someterase ao Pleno do Congreso para a súa aprobación.

b) A tramitación da proposta de reforma no Senado debe seguir un procedemento análogo ao do punto anterior en canto á formulación dun acordo común sobre o texto por parte dunha ponencia do Senado e dunha delegación do Parlamento de Canarias.

c) Se as Cortes Xerais, durante a tramitación parlamentaria, modifican substancialmente a reforma proposta, devolverase ao Parlamento de Canarias para nova deliberación e xuntarse unha mensaxe motivada sobre o punto ou puntos que ocasionaron a súa devolución en que propoñan solucións alternativas, caso en que o Parlamento de Canarias poderá acceder a elas, propor outras solucións ou desistir da reforma estatutaria.

4. A aprobación da reforma polas Cortes Xerais mediante lei orgánica incluírá a autorización do Estado para que o Goberno de Canarias convoque, no prazo de tres meses, o referendo de ratificación polos electores.

5. Se a proposta de reforma non é aprobada polo Parlamento de Canarias ou polas Cortes Xerais, ou non é confirmada mediante referendo polo corpo electoral, non poderá ser sometida novamente a debate e votación do Parlamento até que transcorrese un ano.

Artigo 201. *Do procedemento de reforma abreviado.*

Malia o disposto no artigo anterior, cando a reforma afecte só o capítulo II do título I do estatuto, poderase proceder da seguinte maneira:

a) Aprobación da proposta de reforma polo Parlamento de Canarias por maioría de tres quintas partes dos seus membros.

b) Unha vez aprobada a proposta de reforma, someterase a consulta das Cortes Xerais.

c) Se no prazo de trinta días a partir da recepción da consulta prevista no punto precedente, as Cortes Xerais non se declaran afectadas pola reforma, esta ratificarase mediante lei orgánica.

d) Se, no prazo sinalado na letra c), as Cortes se declaran afectadas pola reforma, esta deberá seguir o procedemento previsto no artigo anterior, e daranse por cumpridos os trámites do punto a) do número 1 do mencionado artigo.

Artigo 202. *Audiencia aos cabidos insulares.*

Cando a reforma teña por obxecto unha alteración na organización dos poderes de Canarias que afecte directamente as illas, requirirase a audiencia previa dos cabidos insulares.

Disposición adicional primeira. *Tributos cedidos.*

1. Conforme o punto 3 desta disposición, cos límites e, de ser o caso, coa capacidade normativa e nos termos que se establezan na lei orgánica prevista no artigo 157.3 da Constitución, cédense á Comunidade Autónoma os seguintes tributos:

- a) Imposto sobre a renda das persoas físicas.
- b) Imposto sobre o patrimonio.
- c) Imposto sobre sucesións e doazóns.

- d) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- e) Tributos sobre o xogo.
- f) Imposto especial sobre a cervexa.
- g) Imposto especial sobre produtos intermedios.
- h) Imposto especial sobre o alcohol e bebidas derivadas.
- i) Imposto especial sobre electricidade.
- j) Aqueloutros que acorden as Cortes Xerais.

2. O contido da presente disposición poderase modificar mediante acordo do Estado coa Comunidade Autónoma de Canarias, que será tramitado como proxecto de lei. Para estes efectos, a modificación da presente disposición non se considerará modificación do estatuto. A eventual supresión ou modificación dalgún destes tributos implicará a extinción ou modificación da cesión, sen prexuízo das compensacións que, de ser o caso, se establezan por lei.

3. O alcance e as condicións da cesión serán fixados pola Comisión Bilateral de Cooperación Canarias-Estado. O Goberno do Estado tramitará o acordo alcanzado como proxecto de lei.

Disposición adicional segunda. *A Axencia Tributaria de Canarias.*

1. A aplicación dos tributos propios da Comunidade Autónoma de Canarias, dos derivados do réxime económico e fiscal das Canarias e dos cedidos totalmente polo Estado corresponderá á Axencia Tributaria de Canarias, nos termos que se determinen na lexislación aplicable.

2. A súa organización e o seu funcionamento estableceranse mediante lei do Parlamento de Canarias.

3. A aplicación dos demais impostos do Estado recadados nas Canarias corresponderá á Administración tributaria do Estado, sen prexuízo da delegación que a Comunidade Autónoma de Canarias poida recibir deste e da colaboración que se poida establecer, especialmente cando así o exixa a natureza do tributo.

4. No prazo dun ano crearanse mecanismos de colaboración e cooperación entre ambas as administracións tributarias.

5. Ambas as administracións tributarias establecerán mecanismos de colaboración e, particularmente, os necesarios para permitir a presentación e recepción nas súas respectivas oficinas, de declaracións e demais documentación con transcendencia tributaria que deban producir efectos ante a outra Administración, co que se facilitará o cumprimento das obrigacións tributarias dos contribuíntes.

6. A Comunidade Autónoma de Canarias participará, na forma que se determine legalmente, nos entes ou organismos tributarios do Estado responsables da xestión, recadación, liquidación e inspección dos tributos estatais cedidos parcialmente.

7. A xestión tributaria consorcial que se poida habilitar entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias mediante a constitución do correspondente consorcio non implicará, en ningún caso, reaxustes entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias dos importes recadados polos tributos preexistentes, que seguirán atribuíndose a cada unha das administracións de igual maneira que antes do establecemento do consorcio.

8. A Axencia Tributaria canaria poderá realizar a xestión de tributos de ámbito local a través dun convenio coa entidade local correspondente.

9. Corresponderá ao Goberno de Canarias, a través dos seus órganos propios de carácter económico-administrativos a revisión por vía administrativa dos actos de xestión tributaria ditados pola Administración tributaria de Canarias.

Disposición adicional terceira. *Compensación por modificacións tributarias.*

Nos termos que se establezan na lei orgánica prevista no artigo 157.3 da Constitución, non se producirá ningunha minoración da participación da Comunidade Autónoma de

Canarias nos ingresos do Estado, como consecuencia da supresión dun imposto estatal que fose aplicable no ámbito da Comunidade Autónoma.

Disposición adicional cuarta. *A Comisión Mixta de Transferencias.*

1. A Comisión Mixta de Transferencias, composta paritariamente pola Administración pública da Comunidade Autónoma de Canarias e pola Administración do Estado, e integrada na Comisión Bilateral de Cooperación a que se refire o artigo 192 do presente estatuto, ten por finalidade transferir á Comunidade Autónoma de Canarias as funcións e atribucións que lle corresponden consonte o presente estatuto. Os membros da comisión mixta representantes das Canarias darán conta periodicamente da súa xestión ante o Parlamento de Canarias.

2. As transferencias de servizos á Comunidade Autónoma de Canarias terán por obxecto bloques materiais e orgánicos completos e deberán prever os medios persoais, financeiros e materiais necesarios para o seu normal funcionamento, tendo en conta que na asignación de medios o coeficiente de aplicación por habitante non poderá ser para as Canarias inferior á media do Estado, tendo presente, en todo caso, o custo da insularidade.

3. Os funcionarios adscritos aos servizos de titularidade estatal ou a outras institucións públicas que resulten afectados polos traspasos á Comunidade Autónoma de Canarias pasarán a depender desta e seranlles respectados todos os dereitos de calquera orde e natureza que lles correspondan no momento do traspaso, incluso o de participar nos concursos de traslado que convoque o Estado en igualdade cos restantes membros dos seus corpos.

4. A transferencia á Comunidade Autónoma de Canarias de bens ou dereitos estará exenta de toda clase de cargas, gravames ou dereitos.

5. Será título suficiente para a inscrición no Rexistro da Propiedade do traspaso de bens inmoables do Estado á Comunidade Autónoma de Canarias a certificación da Comisión Mixta dos acordos governamentais debidamente publicados. Esta certificación deberá conter os requisitos exixidos pola Lei hipotecaria. O cambio de titularidade nos contratos de arrendamento de locais para oficinas públicas dos servizos xa asumidos pola Comunidade Autónoma de Canarias non se reputará traspaso e non dará dereito ao arrendador a extinguir ou renovar o contrato.

Disposición adicional quinta. *Sede da Delegación do Goberno.*

A sede da Delegación do Goberno do Estado na Comunidade Autónoma de Canarias radicará na cidade de Las Palmas de Gran Canaria.

Disposición adicional sexta. *Xestión das telecomunicacións.*

Considerando a condición de rexión ultraperiférica das Canarias, a súa insularidade e o seu afastamento, dentro da Axenda dixital española conterase un Plan específico para o arquipélago que teña en conta a singularidade do seu espectro radioeléctrico, o acceso aos servizos en todas as illas e, de ser o caso, as obrigacións de servizo público que o garantan. O dito plan será aprobado polo Goberno de España en Consello de Ministros. Na súa elaboración e execución participará o Goberno de Canarias, nos termos que fixe a normativa estatal.

Disposición transitoria primeira. *Sistema electoral.*

1. Até que non se aprobe a Lei electoral prevista no artigo 39 do presente estatuto, fíxase en setenta o número de deputados e deputadas do Parlamento de Canarias. Sesenta e un escanos distribuiranse entre as circunscricións insulares da seguinte forma: 3 por El Hierro, 8 por Fuerteventura, 15 por Gran Canaria, 4 por La Gomera, 8 por Lanzarote, 8 por La Palma e 15 por Tenerife. Os nove escanos restantes asignaranse á circunscrición autonómica de Canarias.

2. Para os efectos da elección nas circunscricións insulares, só se terán en conta aquelas listas de partido ou coalición que obtivesen, polo menos, o 15 por cento dos votos válidos da súa respectiva circunscrición insular ou que, sumando os de todas as circunscricións insulares obtivesen, ao menos, o 4 por cento dos votos válidos emitidos na totalidade da Comunidade Autónoma.

3. Para os efectos da elección na circunscrición autonómica, só se terán en conta aquelas listas de partido ou coalición que obtivesen, ao menos, o 4 por 100 dos votos válidos emitidos na totalidade da Comunidade Autónoma.

4. O Parlamento de Canarias elaborará, nun prazo non superior a tres anos desde a entrada en vigor do presente estatuto de autonomía, a lei a que se refire o artigo 39.2.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio dos cabidos insulares.*

Até que non se desenvolvan as prescricións do título III do presente estatuto e no que non se opoña ao establecido nel, os cabidos insulares rexeranse pola normativa vixente, que seguirá tendo carácter supletorio.

Disposición derogatoria. *Derrogación da Lei orgánica 10/1982, do 10 de agosto, modificada pola Lei orgánica 4/1996, do 30 de decembro.*

Queda derogada a Lei orgánica 10/1982, do 10 de agosto, de Estatuto de autonomía para Canarias, modificada pola Lei orgánica 4/1996, do 30 de decembro.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

O presente estatuto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 5 de novembro de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN